

Almanaque Agrícola

ano
LXI



Ano 2013

Viana do Bolo
(Ourense)

syngenta

“man de santo”

para a viña, para o aplicador,
para o medio ambiente...

...un demo para o mildeu



 Pergado®

syngenta.


 mildeuprotector

Índice

| | | | |
|--|-----------|----------|------------|
| As grandes cifras da nosa agricultura | | | 4 |
| Rescatando anacos do noso pasado: "O Amieiro" | | | 6 |
| Rescatando un anaco da nosa cultura: "Os pontóns. Xeitos de salvar os regatos" | | | 12 |
| Convocatoria novo certame: "Os carpinteiros de ribeira" | | | 22 |
| As nosas castes de vide: A variedade "Monstruosa" | | | 24 |
| Xaneiro | 28 | Santiago | 40 |
| Febreiro | 30 | Agosto | 42 |
| Marzo | 32 | Setembro | 44 |
| Abril | 34 | Outubro | 46 |
| Maio | 36 | Novembro | 48 |
| San Xoán | 38 | Nadal | 50 |
| Guieiro de herbas medicinais | | | 53 |
| Guía de tratamentos viñedos galegos | | | 56 |
| Outros males da viña | | | 58 |
| Consellos para os coidados da viña | | | 60 |
| Tratamentos das froiteiras de carabuña | | | 63 |
| Tratamentos a facer nas maceiras e pereiras | | | 64 |
| Tratamentos de invernadoiros e hortas | | | 66 |
| Tratamentos das patacas | | | 68 |
| Tratamentos do millo e outros cereais | | | 71 |
| A cata de viños. Nocións elementáis | | | 72 |
| Feiras gastronómicas | | | 78 |
| Catálogo xeral de sementes | | | 85 |
| Catálogo xeral de produtos fitosanitarios | | | 89 |
| Valor dos ferrados galegos en metros cadrados | | | 101 |
| Contos | | | 104 |
| Disposicións legais de interese para Galicia | | | 106 |
| Roedores e rodentícidas | | | 111 |
| Enderezos dos nosos distribuidores | | | 114 |

As grandes cifras

DA NOSA AGRICULTURA



A comunidade autónoma galega ten unha extensión total de 29.575 km cadrados que representan un 5,8% da extensión total española. O seu perímetro é de 1.919 km, dos cales 610 son terrestres e 1.309 costeiros.

A dedicación da superficie total do solo, segundo os últimos datos, é a seguinte:

| | | |
|--------------------|--------------|---------------------|
| Terreo forestal | 1.763.153 ha | equivalente ao 57 % |
| Terras de cultivo | 506.618 ha | equivalente ao 16 % |
| Praderías e pastos | 485.744 ha | equivalente ao 16 % |
| Outras superficies | 320.640 | equivalente ao 11 % |

Galicia gañou nos últimos 10 anos superficie de prados e pasteiros continuando unha especialización gandeira e sobre todo láctea que xa comezou a principios

de século. Mentres se perdía case un 4% de terras cultivadas, incrementouse o 6% en terreos dedicados á pradería.

As masas forestais mantivéronse como o principal uso do territorio; máis do 50% da superficie de Galicia é terreo forestal e mantívose estable na última década.


Os terreos de cultivo que persisten repártense do seguinte modo: aproximadamente un **67%** das hectáreas corresponde a **cultivos forraxeiros** destacando os nabos e o millo; un **9%**

corresponde a **cereais** con trigo, centeo e millo gran; un **9%** é debido ás **froiteiras**, o **6%** ao **viñedo** e un **9%** a **outros cultivos** como pataca e hortas.

Superficies dos cultivos máis importantes en hectáreas (toneladas)

| | |
|----------------------------------|---|
| Cereais gran | Trigo: 14.907 (33.800) e Centeo: 5.221 (8.300). |
| Leguminosas gran | Feixón seco: 1.780 (2.556). |
| Tubérculos para consumo humano | Pataca temperá: 1.391 (30.600), pataca de media estación: 15.862 (437.600) e pataca tardía: 1.314 (29.300). |
| Cultivos forraxeiros e praderías | Pradería polifita: 215.658 (4.691.600), millo forraxeiro: 63.800 (2.589.200) e nabo forraxeiro: 983 (18.471). |
| Hortalizas | Col-repolo: 16.061 (91.400), feixón verde: 1.319 (39.900), leituga: 713 (20.200), cebola: 1.055 (26.800), tomate: 1.191 (12.800), pemento: 1.191 (12.800) e amorodo: 114 (3.000). |
| Froiteiras e uva de viño | Mazá: 5.926 (129.100), pera: 647 (10.500), uva para vinificación: 25.313 (144.000) e castaña: 23.162 (288.100). |

Se nos fixamos na importancia económica que os diferentes cultivos achegan á renda agraria galega, teriamos o seguinte cadro, onde podemos sinalar:



Dunha produción agraria de 2.552 millóns de euros (ano 2008) a produción do subsector agrícola ascende a 799.3 mm€. As hortalizas co 25% do total son os cultivos máis importantes, seguidos polas froitas e en terceiro lugar os pastos e prados, base da produción do subsector gandeiro (1.773 mm€).

Na produción agraria galega son as provincias de Lugo (33%) e A Coruña (33%) con 1/3 do total as que máis achegan, mentres que, tanto Pontevedra (18%) coma Ourense (16%) teñen unha menor importancia.

Con relación á poboación agraria cómpre subliñar que tanto o baixo índice de natalidade coma a migración cara ás cidades deixaron as aldeas baleiras até o punto de se contabilizar preto de 1.400 núcleos rurais en toda a comunidade deshabitados totalmente e chamados a desaparecer.

Pois ben, de acordo cos datos anteriores cremos que se pode chegar ás seguintes conclusións:

As condicións de topografía, edafoloxía e clima convierten a Galicia nunha gran potencia en produción forestal de propiedade distribuída dun xeito moi peculiar

con 81.174 titulares e 3.302 comunidades de montes cunha superficie de 678.627 ha. O modo correcto de facer rendible tal potencial debe ir encamiñado a dúas actuacións:

- Incrementar o proceso de transformación industrial da materia prima e potenciar o deficiente sistema de comercialización que fai difícil unha xestión sostible da masa arbórea.
- Sensibilizar a poboación dos importantes valores tradicionais do monte: **social, económico e medioambiental**, para evitar males coma o lume, a erosión acelerada ou a degradación paisaxística.

É necesario tamén acometer os programas europeos de Desenvolvemento Rural Integrado e potenciar as iniciativas locais coas que se perseguen varios obxectivos:

- Mellora da calidade de vida nas zonas rurais e creación de emprego.
- Valorización dos recursos naturais e culturais así como dos produtos da zona facilitando o acceso ao mercado de pequenas estruturas de produción mediante actuacións de tipo colectivo (produción agraria, artesanía e servizos).
- Formación e axudas á contratación.
- Conservación do medio e da contorna, turismo rural e apoio técnico.

Son, en definitiva, medidas encamiñadas a preservar o patrimonio rural e a poboación que o ocupou dende épocas pasadas. Xentes que foron os auténticos conservadores da paisaxe, dos modos de vida e das tradicións, pero tamén de valores sociais e culturais que nos son propios. Eles, son dende logo os que mantiveron aquelas producións agrarias, forestais ou gandeiras que nos identifican por calidade e personalidade diferenciada.

Fonte de datos: *Anuario de Estadística Agraria. Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural.*

O AMIEIRO

O amieiro, *Alnus glutinosa* (L.) Gaertner, é unha árbore da familia das betuláceas que tamén recibe os nomes vulgares galegos de ameneiro, abeneiro e umeiro e o castelán de aliso. O xénero deriva do céltico "al" (cerca) e "lan" (ribeira dun arroyo), en alusión á súa ecoloxía. O nome da especie refírese á presenza de glándulas de resina que fan pegañentas as ramiñas novas e as follas tenras.

Descrición

Pode acadar 25 m de altura, excepcionalmente 30 m, con tronco dereito, cilíndrico, bastante limpo, de ata un metro de diámetro normal, de casca primeiro lisa e de cor parda agrisada ou avermellada, con lenticelas brancas, e máis tarde agredada lonxitudinalmente, escamenta, non moi grosa e de cor parda escura. Copa densamente folluda, primeiro piramidal e logo redondeada nos exemplares maduros, dá boa sombra e cobre ben o solo. Presenta dominancia apical, dando polo tanto troncos rectos e cilíndricos, con boa poda natural. O sistema radical non amosa raíz principal e é sobre todo superficial, pero ben desenvolvido e con algunhas raíces fondas que lle permiten acadar a auga cando a capa freática está lonxe da superficie do solo.

As xemas son globosas e obtusas, lampas, algo glaucas, viscosas, pedunculadas e protexidas por dúas ou tres escamas cos bordos ciliados, envolvendo a exterior as demais. Follas simples, de cor verde escura pola face e máis claras polo



Amieiros no río Avia, Leiro (Ourense)

envés, onde adoitan levar algúns pelos brancos na axila dos nervios, pecioladas, alternas e caedizas, de 4-10 cm de lonxitude, con forma redondeada ou trasovada, coa beira dobremente dentada, base truncada ou cuneiforme e ápice romo, nervación pinnada cos nervios secundarios paralelos; de novas son pegañentas, igual que as ramiñas novas, pola presenza de glándulas resinosas.

Amosa o amieiro flores unisexuais monoicas, é dicir que as femininas e as masculinas aparecen no mesmo pé. As masculinas, con perigonio tetralobulado e catro estames, dispóñense en candeas cilíndricas colgantes de 5-12 cm, protexendo cada escama da inflorescencia

tres flores. As femininas, con ovario bicarpelar sésil e coroado por dous estigmas filiformes avermellados, son núas, sen perigonio, e sitúanse en candeas suberguidas e globosas que se agrupan en acios de tres a seis candeas, protexendo cada escama da inflorescencia dúas flores.

Tras a fecundación as escamas das inflorescencias femininas lignificanse, converténdose cada candeas nunha estrutura con aspecto de piña leñosa con forma ovoide, de 1-3 cm de lonxitude, con escamas peltadas, dentro da cal están os froitos, dous por cada escama, que son pequenos aquenios comprimidos con dúas ás, de cor arrubiada ou parda, brillantes, coroados pola base dos estilos, levando arredor da semente tecido aerífero que favorece a súa dispersión anemócora, xa que poden quedar no aire durante un mes. As candeas dos dous sexos aparecen no verán e desenvólvense no inverno seguinte, e os froitos están maduros no outono. Frutifica a partir dos 15-20 anos en pés illados e dos 35-40 anos en espesura, e adoita facelo anualmente, dispersándose as sementes polo vento e a auga.



Distribución e ecoloxía

Árbore venturosa en Eurasia e norte de África que está presente en case toda a península Ibérica, escaseando máis nas comarcas áridas do leste e sueste. En Galicia atopámola nas catro provincias, desde a beiramar ata os 1.200 m de altitude, en bosques de ribeira, valgadas húmidas e brañeiras, xa que necesita un solo con humidade case permanente e non tolera ben a seca estival. Forma aliñamentos ou pequenos bosquetes ou mouteiras, con frecuencia en mestura con outras frondosas, como salgueiros, pradairos, bidueiros, freixos, sanguíños, abeleiras, cerdeiras, lamigueiros e chopos. É unha especie bastante plástica en canto ás súas esixencias climáticas, sempre que teña dispoñibilidade permanente de auga no solo. Crece ben en climas de tipo temperado-cálido ou temperado-frío, tolerando a calor estival e os fríos invernaes, pero non as xeadas tardías da primavera. Aínda que pode aparecer sobre substratos de natureza diversa prefere os silíceos, soportando os arxilosos e os pesados e, por suposto, o alagamento estacional, mellor se é por augas correntes, non estancadas. É unha árbore melloradora dos solos, xa que fixa nitróxeno atmosférico mediante unha simbiose con microorganismos (*Frankia alni*) nos nódulos pardo amarelados de varios centímetros de diámetro que se forman nas súas raíces; iso explica que poida vivir en solos pobres en nutrientes e con pouca materia orgánica e que incrementa o crecemento das especies que conviven con el.

Estas árbores son a miúdo compoñentes esenciais dos bosques de ribeira, ecosistemas de gran importancia para a conservación dos sistemas fluviais. A trama das súas raíces contribúe a suxeitar as marxes dos cursos de auga impedindo que as cheas arrastren terra; a asociación dos

amieiros con actinomicetos fixadores do nitróxeno atmosférico enriquece os solos; as súas copas regulan a temperatura e a luminosidade das augas (filtrando a radiación solar no verán e permitindo o seu paso no inverno); proporcionan alimento e refuxio para a fauna acuática, anfibia e terrestre; atesouran unha importante biodiversidade, son corredores ecolóxicos que intercomunican multitude de ecosistemas, matizan a paisaxe e melloran a súa textura, son filtros verdes que reteñen partículas sólidas e nutrientes das augas que escorren polas ladeiras cara aos ríos ou arrosios... A pesar da súa importancia cortáronse en moitas ocasións estes bosques, aproveitando os seus fértiles solos para instalar cultivos agrícolas ou para substituílos por prados de sega, tan frecuentes e abundantes en toda Galicia.

Silvicultura

É unha especie axeitada para as reboacións forestais en terreos acedos, pobres e anegados, nos que moitas outras especies arbóreas non sobrevivirían ou farían con moita dificultade. Pódese plantar a densidades desde 1.100 pés por

ha (3x3 m) a 1.600 pés por ha (2,5x2,5 m), densidades altas coas que as árbores medrarán dereitas e andando o tempo faremos desmestas ou claras intensas deixando para a corta final os mellores exemplares, chamados na silvicultura "exemplares de porvir". A primeira desmesta pódese realizar aos 10 anos, afectando arredor da metade das árbores, e a segunda aos 20 anos, una vez elixidos os pés de porvir, que serán uns 250 por ha. Para conseguir madeira de calidade e sen nós é conveniente realizar cortas de formación e poda. Nos pés de porvir débense realizar podas altas, ata os 6 m de fuste podado.

A súa facilidade para producir abrochos de cepa permite o tratamento en monte baixo (árbores procedentes de abrochos de cepa ou de raíz), que é o máis frecuente con quendas curtas (5-15 anos para a obtención de leñas, 35-40 para obtención de madeira). En monte alto (árbores procedentes de semente) as quendas son de 40-60 anos.

A madeira

A súa madeira é branda e lixeira, elástica, de cor clara primeiro e rosada ou avermellada despois, homoxénea, de gran fino, con aneis de crecemento marcados e fermoso veado, con febra dereita, crebadiza, doada de traballar, pouco duradeira en contacto co aire pero resistente á auga, incluso mariña, polo que é moi utilizada na construción de infraestruturas somerxidas; moitos dos postes somerxidos que se poden ver nas canles de Venecia son de madeira desta árbore. Por ser lixeira, branda e doada de traballar é moi utilizada, xunto coa do bidueiro, para facer os paus dos zocos, as madroñas e as zocas. Sécase ben e axiña e admite ben os tratamentos superficiais, polo que é axeitada para imitar outras madeiras máis valiosas como as do ébano, da nogueira, da caoba ou da cerdeira. Emprégase para obter



chapa á plana ou por desenrolo, así como en serradoiros, con segunda transformación para mobles, innda que non abundan as árbores de elevado diámetro. Tamén se utiliza moito en traballos de artesanía (talla, torno), xoguetes, caixas de cigarros, instrumentos musicais, regras de debuxo, brazos artificiais, moldes en industrias do vidro, mangos de vasoiras e ferramentas, dorsos de cepillos, como substrato para o cultivo de fungos comestibles como o shiitake (*Lentinus edodes*), etc. Algunhas táboas con escritura atopadas nunha fortaleza romana do norte de Inglaterra foron feitas con madeira de amieiro e bidueiro. Pola gran importancia ecolóxica dos bosques de ribeira a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil e a Administración Forestal galega restrinxen considerablemente as cortas destas árbores, as cales veñen sufrindo nos últimos anos un problema sanitario que afecta as catro provincias galegas e que provoca unha notable mortalidade dos amieiros. Parece que se trata dunha doenza producida polo fungo *Phytophthora alni*, coñecida co nome de “tinta do amieiro” pola súa semellanza coa “tinta do castiñeiro”, enfermidade moi difícil de atallar e que está enchendo as beiras dos ríos galegos de esqueletos mortos de ameneiros. Como a loita directa contra a doenza parece inviable, preténdese investigar a posible existencia de árbores desta especie resistentes á doenza, investigación que levará o seu tempo. Hai investigadores que estiman que, se a doenza segue avanzando ao ritmo actual, dentro dunha década apenas quedarán amieiros nos bosques de ribeira de Galicia, quedando longos tramos dos cursos de auga galegos desprovistos destes ecosistemas tan valiosos desde os puntos de vista económico, ecolóxico e social, como xa puxemos de manifesto con anterioridade.

Remedio na menciña natural

As follas e a casca das pólas novas conteñen un 16-17% de taninos, ácidos graxos -sobre todo palmítico e esteárico-, glicósidos flavónicos de tipo heteróxido, flobafenos, emodina -un colorante-, taraxerol, taraxerona, lupeol, glutinol, glutanol, ácido glutínico, ácido quinólico, azucre e fitoesteroides. A casca das pólas novas recollida en febreiro, antes do movemento



do zume, é adstrinxente, febrífuga (utilízase como substituto da quina), hemostática e tónica, debendo utilizarse seca, xa que fresca pode provocar vómitos; emprégase en decocción para tratar inflamacións de boca, amígdalas e gorxa e para endurecer as enxivas. O po de casca e follas tamén ten propiedades adstrinxentes (antidiarreico) e hemostáticas (control de hemorraxias) por vía interna. A casca interior fervida en vinagre ten interese medicinal para curar feridas e para a limpeza dos dentes. Ademais, as follas son galactagogas (en cataplasmas reducen o leite materno), sudoríficas, diuréticas e vermífugas. En decocción ou directamente téñense utilizado como remedio na medicina popular para tratar o cancro de peito, duodeno, esófago, píloro, cara, páncreas, recto e gorxa, e tamén como analxésico local, en infeccións



Amieiro do Castelo- Pazo de Maside (Ferreira de Pantón. Lugo). A 1,30 m. da base téñ 4,35 m de perímetro.

gastrointestinais e trastornos hepático biliares, diarrea, estomatite, parodontopatías, farinxite, vulvovaxinite, inflamacións osteoarticulares (follas escaldadas e aplicadas quentes sobre as articulacións), pés doridos e cansos (lavándoos coa auga de cocer as follas ou colocando as follas recentemente recollidas dentro do calzado, en contacto coa planta do pé), mialxias e contracturas musculares...para reumatismos e ciática recomenda Quer deitar ao doente sobre un leito de follas desta árbore suavemente quentadas.

Preparados e doses

En uso interno emprégase a decocción de 20-25 gramos de casca ou follas nun litro de auga, ferver durante 5 minutos e tomar un par de cuncas ao día, o extracto fluído (1,1), tomando 25-50 gotas dúas veces ao día, e a tintura (1,10), tomando 50-100 gotas dúas veces ao día.

En uso externo ou tópico recoméndase a decocción de 20-25 gramos de casca nun litro de auga, ferver durante 5 minutos e aplicar mediante compresas, lavados, colutorios ou gargarismos. Tamén se em-

prega en gargarismos a tintura 1,10 diluída ao 10%.

Etnobotánica


Ademais dos usos da súa madeira xa citados e da súa importancia como remedio popular na menciña natural, aspecto que acabamos de tratar, os estudos etnobotánicos realizados sobre esta árbore amosan múltiples usos no pasado (artesanais, culturais, máxicos, relixiosos e industriais) do amieiro nas comarcas rurais galegas:

- **Calzado:** zocos, zocas, madreñas... os bos troncos de amieiro eran difíciles de atopar porque todos os zoqueiros os buscaban.
- **Útiles domésticos:** forcados, culleres, útiles para facer o pan e para a matanza, pechaduras...
- **Construción e mobiliario:** vigas, ventás, postes somerxidos, portas, táboas, apoios... as espullas das raíces grosas son apreciadas en ebanistería e marroquinería.
- **Tintura e lavado de roupa, coiros e la:** a casca mesturada co lique *Lobaria pulmonaria* e borralla de leña de amieiro, todo fervido en auga, utilízouse para tinguir de negro o liño e de marrón a la. A infusión de casca ou piñas de amieiro e limaduras de ferro (ou sulfato de ferro) foi utilizada como tintura para tinguir de negro ou gris por tintureiros, sombreireiros e curtidores, substituindo esa mestura aos bugallos dos carballos (mazás de cuco) para a fabricación da tinta. A emodina, colorante presente na casca do amieiro, utilízouse para colorear o coiro en tons grises ou avermellados.
- **Apeiros agrícolas:** mangos de angazos, aixadas, gadañas, machetas... pezas do arado romano, titores ou guías de plantas ornamentais e hortícolas, como feixóns verdes, chícharos ou tomates.
- **Cestería:** as poliñas finas.

- **Xoguetería:** a madeira de amieiro é apreciada para facer buxainas e outros xoguetes.
- **Curtido de coiros:** empréganse sobre todo a casca e os conos que conteñen os froitos que dan ao coiro unha cor amarelo-avermellada.
- **Combustible:** aínda que a leña desta árbore arde pronto e con pouca brasa, dá moita calor e é apreciada para chemineas, grellas e para roxar fornos de pan. As serraduras e a leña teñen interese para afumar peixes e carnes. O carbón vexetal non é de moi boa calidade pero é dos máis apreciados para fabricar pólvora.
- **Cosmética:** o po da casca en mestura con outros produtos úsase como pasta dentífrica. A casca mascada tamén serve para limpar os dentes.
- **Parasitos:** se se lavan as sabas con auga de cocer follas de amieiro morren as pulgas.
- **Ornamental:** en terreos asolagados, como a beira de ríos, lagos, estanques e arroyos, nos que dificilmente se establecerían outras especies.

Árbores senlleiras

Aínda que non é unha árbore moi lonxeva, en Galicia atopamos algúns exemplares vellos de extraordinaria dendrometría que son verdadeiros monumentos vexetais. O Catálogo de Árbores e Formacións Senlleiras de Galicia inclúe o Amieiro do Castelo-Pazo de Maside (Ferreira de Pantón, Lugo), que forma parte do bosque de ribeira do río Ferreira. Ten unha idade superior aos cen anos, 27,10 m de altura total, 4,35 m de circunferencia normal (a 1,30 m de altura) e 15,05 m de diámetro de copa. A súa configuración arquitectónica é espectacular. Un tronco de perfil cilíndrico, pero con cristas e vales manifiestos, cunha circunferencia basal de 5 m, ramifícase a un metro de altura sobre o chan en seis brazos principais, aínda que se aprecia que no pasado recente eran máis. As seis pólas érguense maxestosamente, con dereitura e verticalidade, condicionadas pola forte competencia espacial e lumínica. É salientable a elegancia e fermosura do seu porte, así como a súa dendrometría, non frecuente en árbores desta especie.





OS PONTÓNS. XEITOS DE SALVAR OS REGATOS

Autor: Aníbal Cid Babarro

En pleno século XXI, estas obras móstrannos un dilema: fronte ás grandes infraestruturas cos máis importantes avances tecnolóxicos, materiais de última xeración, e con resultados as máis das veces efémeros, atopámonos con estruturas de materiais sinxelos, obras e procesos simples de transmisión oral entre os nosos devanceiros, pura arte popular, obras verdadeiramente sostibles e perdurables, que resistiron riadas, abandono e ata o noso esquecemento.

Hoxe en día perderon a súa funcionalidade e, aínda que asumen máis un papel decorativo, non debemos esquecer que teñen a súa historia, non tan afastada, cando eran un modo de atravesar os ríos cos pés enxoiros. De feito, non hai máis que ver o desgaste das mesmas para decatarnos do seu uso cotián, unindo ribeiras, aldeas e alongando os camiños dos muíños.

Na toponimia da nosa terra recóllese a lembranza destas construcións populares, con nomes de cidades e vilas como: Pontevedra, Pontearreas, Ponte Caldelas, Pontecesu-res, Pontedeume, Ponteceso, A Pontenova, A Ponte, Pontedeva, Ponte Grande, Ponte Ambía, Portodemouro, Portomarín, Portomourisco, Porto Camba, Os Peares, Vilariño das Poldras; e paraxes como: A Barca, O Porto, O Vao, O Poldrado, A Ponticela, Os Pontillóns, etc.

DATOS SOBRE A ANTIGÜIDADE

Hoxe, como hipótese, é doado imaxinar que a orixe das poldras foi dun xeito natural, debido á erosión que arrastrou as pedras e as correntes que as descubriron, nalgúns lugares mesmo parece que foran colocadas, como se se tratase de una dunha obra de enxeñería. Por outra banda, co abandono agrícola actual, cos campos a monte e ríos esquecidos, ollamos árbores caídas



Río Salas, Prado, Muíños (Ourense)



que tenden “pontellas naturais”. Xa só temos que engadir un intre de caza, a presa aproveitando estes pasos para fuxir e, co tempo, o ser humano que se atreve a pasar, e logo fai adaptacións para que sexa máis doado o seu uso.

Aínda que non existen datos precisos que concreten a súa cronoloxía, pénsase que a orixe dos pasais, poldras ou peares, remóntase ata o Neolítico, e a súa utilización esténdese pola maioría dos pobos da terra. Os enxeñeiros romanos utilizaban medios e métodos moi avanzados, pero non puideron mellorar os pasais ou poldras, reflectindo este saber nas interseccións das rúas de Pompeia coa construción dun sistema de bloques alternos sobresaintes do pavimento que permitía cruzaren os peóns, cando chovía moito, as rúas anegadas sen impedir a circulación dos carros.

As primeiras novas en torno aos portos e as barcas están datadas no ano 1164 sobre o Porto Auriense, e no 1221 en torno ao Porto Vello. Tamén se reflicten nos escritos do P. Sarmiento, quen, na súa viaxe feita por Galicia no ano 1745, fala da Barca dos Cregos no río Ézaro, da Barca de Santo Estevo de Ribas de Sil, e da Pasaxe da Barca na Coruña, referida á ría do Burgo na actual Ponte da Pasaxe.

Moitas das pontes galegas son de orixe medieval, construídas na Idade Media ou reutilizando unha estrutura anterior romana, e é de supoñer que moitas das pontellas espalladas actualmente polos regatos e ríos teñen unha antigüidade de varios centos de anos.

As pontes máis novas, construídas nos séculos XVI e XVII, chegan ata mediados do século XVIII nun estado de abandono, e será xa máis tarde cando se arranxen algunhas ou se constrúan outras novas no mesmo lugar. A intervención do Estado obsérvase a partir de finais do século XIX coas pontes de pedra nas estradas e as metálicas do ferrocarril; e xa no século XX, coa novidade do formigón armado, fanse pontes de grande envergadura e estética sinxela.

A barca



Río Arnoia, Acea, Xunqueira de Ambía (Ourense)


A NECESIDADE DE SALVAR OS REGATOS

Na alta montaña os nacentes son moitos e con caudal escaso, polo xeral o terreo é firme, co leito de natureza granítica e as máis das veces con pedras soltas; por isto, salvarlos non representa maior problema, este acadada importancia cando descendemos aos vales, pois a corrente adquire maior entidade polas achegas doutros nacentes e regatos. Nos vales fluviais as condicións topográficas agravan o problema, o río atravesava terreos moi valorados polas xentes do lugar, zonas de cultivo con socalcos nas marxes, polo que é preciso cinguirse ao ámbito dos regatos, corredoiras e camiños. Isto define o tipo de obra necesaria: os *pasais* e *poldras* eran para cruzar a pé o río, o gando polo xeral, ía


ao seu carón pola auga cando había pouco caudal; ás veces, non moi lonxe, tamén se facían *pontellas*, *pontóns* ou *pontillóns* para pasar o gando e as persoas cando ía moi crecido o río; estas son construcións de paso máis pequenas que as pontes.

Para dar continuidade a unha comunicación peonil, fánse as *poldras* nas zonas chairas con pendente moi pouco acusada, onde as augas do río se desprazan máis lentamente, o leito é máis amplo e a súa altura é duns 50 cm ou menos. Ao tratarse de elementos alternos, é unha obra sinxela que require pouco investimento, as máis das veces só tempo, pois o material está no propio lugar.

Estas construcións son de interese comunitario e son construídas pola propia comunidade, que é quen se encarga do seu mantemento e dos arranxos. Isto acostumouse a facer ao longo do tempo, pero hoxe esqueceuse este valor, desaparecendo o seu significado e con el moitas obras.



Río Barbaña, Venda do Río, Paderne de Allariz (Ourense)



*Poldras Río Barbantiño, Ponte Mandrás,
San Cristobo de Cea (Ourense)*



CARACTERÍSTICAS DAS CONSTRUCIÓNS

O mestre Xaquín Lorenzo define os *pasais* e *poldras* como sistemas diferentes: non obstante, a investigadora *Begoña Bas* expón que son o mesmo: pasos de pedras de gran tamaño, asentadas no fondo debido ao seu peso, aplanadas por riba, con pedras dun longo entre 0,90 e 1,50 metros, sempre no sentido da corrente do río e a súa altura non pasa de 70 cm. Polo xeral, podemos dicir que é unha ringleira en liña recta, de pedras en forma de paralelepípedo duns 80 cm de longo por 80 cm de alto e 40 cm de ancho, que sobresaen do leito do río e alternativamente estendidas dunha banda á outra. Cada unha destas pedras pódese complementar con outras dúas adxacentes da mesma altura e anchura; unha de planta triangular co vértice facendo fronte á corrente, a modo de tallamar; e outra polo outro lado da ponte, tamén de planta triangular, pero quedando por debaixo das augas, evitando a escavación pola rompente das augas. Ás veces, augas arriba das *poldras*, cando o leito do río non é moi consistente, apréciase unha banda de lousas no fondo do leito: trátase do *porto*, empregado para vadear o río cos carros e co gando.

As *pontellas* fanse nun pequeno desnivel do río, pois trátase dunha pontiña pequena para atravesalo, e ten un único van, aínda que isto varía segundo as zonas de Galicia. Normalmente, utilízase para o paso de persoas e gando, pero tamén pode pasar un carro. En moitos lugares chámase *pontón*, *ponticela*, *pontella* ou *pontigo*.


O *pontillón* é distinto das *pontellas*, é máis estreito, con varios vans e serve para pasaren as persoas, pois non pode pasar un carro de vacas. Ademais, no inverno pode quedar cuberto polas crecidas.

PROCESO DE CONSTRUCCIÓN DUNHA PONTELLA POPULAR

A *pontella* é unha construción rudimentaria feita para atravesar un regato pequeno. Os materiais son os da zona, xeralmente a madeira, por ser o material de construción máis lixeiro, resistente e doado de traballar, utilizado polo ser humano dende os primeiros tempos. A súa estrutura está constituída polo conxunto que forman as cepas de parede de pedra, nas que se apoian as traves de carballo desprovistas da súa casca, trabadas con pedras nas testas, para evitar o seu movemento, e tendo por riba una capa de traveseiros feita de pólas miúdas e ramallos de xesta, rematando con terróns dispostos coa herba cara a abaixo sobre os traveseiros e unha capa de terra para rasar a superficie, que tras ser pisado forma un piso compacto e sólido.

Hai outras variantes onde sobre as traves de carballo se apoia unha capa de táboas de madeira pouco traballada, ou mesmo as que combinan os dous materiais, a estrutura de madeira e o piso de lousas de lousa ou pedra, sendo o seu ancho entre un e dous metros, para pasaren as persoas, ou un pouco maior, cando permite o paso dos carros.

ESTRUTURA DA PONTELLA OU PONTÓN



SISTEMAS DE PASO DAS CORRENTES

Existen diferentes solucións para o paso das abondosas correntes de auga en Galicia. A elección dunha ou doutra depende da importancia e función do camiño: se é parroquial ou se se trata dunha corredoira, se pasan carros ou só as persoas; todas elas teñen en común que a rasante é única, non existindo as dobres pendentes. Segundo o mestre Xaquín Lorenzo estes sistemas son os seguintes:

- **VAO:** é o sistema máis sinxelo e primitivo de salvar un longo treito de auga nun río de pouca fondura que se pode pasar a pé, pero polo xeral, os vaos son para pasar a cabalo. Pode estar asociado a unha pontella, de xeito que os animais atravesen polo vao e as persoas pasan por riba daquela. Teñen as características dos camiños, e tiveron certa importancia como o demostra o feito de lles daren o nome a moitos lugares.
- **PORTO:** o mesmo ca o vao, pero co leito do río lousado con laxes para facilitar o paso dos carros. Outras veces refírese ás construcións adxectivas, necesarias para o paso por medio de barcas; podería ter sido un grande murallón, internándose no río, co longo suficiente para abrigar a barca de carga do embate das correntes.
- **PEDRAS:** é un sistema máis enfocado a salvar unha zona de lama, ou cando o camiño ten que cruzar un regato moi pequeno e chairo. Bótanse no medio algunhas pedras, separadas á distancia dun paso, para que a xente poida brincar dunhas a outras.
- **PASAIS** ou **PASADOIRO:** son unhas pedras con lousas por riba que se poñen nun camiño de certa importancia para cruzar un regato pequeno. Ás veces, os camiños serven para conducir as augas; entón énchense de tal xeito que a xente non podería ir por eles; por tanto, fánelle outro tipo de pasais, que a xeito de beirarrúas, son de pedra e arrimados a unha beira, que de vez en vez teñen por baixo un burato para levar a auga de rega ás herdades. Estes pasais son substituídos nalgúns sitios, onde o camiño é estreito, por laxes postas por riba dun dos muros que o franquean. Cando non hai nada disto, sempre se atopa un carreiro paralelo e máis alto ca o camiño.

- **POLDRAS:** cando o camiño ten que pasar unha corrente de auga ancha ou de certa profundidade, emprégase este sistema, que son pedras prismáticas, distantes un paso de persoa e solidamente fincadas no leito do río, de xeito que poida pasar entre elas a auga. Para cruzar cómpre brincar dunhas a outras, e como se leve a



*Poldras Río Barbantiño, Ponte Mandrás,
San Cristobo de Cea (Ourense)*

vista fixa nelas, o movemento da auga pode “varrer a vista” se non se vai con certo coidado. Compréndese que as poldras están soamente destinadas á xente; cando o río non é moi fondo, poden as bestas pasar a carón das pedras, mais os carros non, a non ser que haxa tamén un porto á beira das poldras.

- **PONTELLA:** é toda de madeira e as trabes chegan para pasar dunha banda á outra; se o río é ancho, pode ter no medio un cabalete de madeira para lle servir de sostén ás trabes. Rara vez, levan varandas e, se as teñen, son de madeira. Tamén se coñecen con este nome as estruturas feitas de pedra e con un ou dous vans como máximo.



Río Pontón ou das Veigas, Punxeiro, Viana do Bolo (Ourense)

- **PONTÓN:** responde a un esquema de ponte moi sinxela, é o mesmo ca a pontella pero todo el de pedra, tanto as cepas como o piso de lousas. Polo xeral non ten varandas, aínda que ás veces está feito de pezas de cantería longas e de pouca altura; na súa estrutura aparecen un ou dous vans como máximo, dun ancho reducido.
- **PONTILLÓN:** Son estruturas de múltiples vans, de ata 30 ou 50 m, cunha anchura dun metro e unha altura media de 1,40 m que se atopan coincidindo cos camiños e consisten en varias cepas de pedra, ás veces de forma irregular, feitas de pedra miúda, que levan por riba grandes lousas de pedra, e que permiten o paso das persoas e nalgúns casos dos carros. As pedras van trabadas algunhas con grampas de ferro, para que non as poida mover a forza do río, cando vai medrado e a auga chega a elas; nestes casos presentan algúns reforzos a xeito de contrafortes e tallamares, que consisten en postes de pedra contra parte superior das cepas. Cando o río é pequeno e non ameaza con grandes cheas, no lugar das lousas que fan o piso pode ter trabes e travesas cruzadas de madeira, cuberto todo de terra.



Río Avia, Leiro (Ourense)

Río de Pedraio, Monterrei, Pereiro de Aguiar (Ourense)



- **PONTE:** o nome de ponte resérvase para as obras grandes, con máis ancho e fábrica de mellor calidade, destinadas a cruzar os ríos por medio de arcos. A ponte non é obra popular, xa que o arco é de orixe culta; non obstante, o pobo aprendeu a construílas imitando as feitas polos técnicos. Ademais existe un arco popular, o chamado “falso arco”, que a xente emprega dabondo. A ponte con falso arco non é máis ca un pontillón un pouco máis complicado onde as cepas se deitan polo interior do van. Son verdadeiros arcos atopamos pontes populares, polo xeral baixas e cun ou dous ollos. Algunhas veces, atópase unha mestura de ponte e pontillón como consecuencia dun arranxo cando a ponte caeu: a xente aproveita as cepas que quedaron en pé, para pór entre elas unhas traves e convertela en pontillón.
- **BARCA:** os camiños que precisan cruzar ríos grandes non sempre dispoñen de obra para facelo; entón o camiño, queda tronzado polo río, que se pasa cunha barca. Dá-selle este nome ao anaco de río en que se atopa a barca, formando deste xeito parte do camiño. As máis sinxelas son aquelas que non teñen barqueiro, polo que precisaban dunhas cordas ou arames que atravesaban o río dunha marxe a outra, que servía para suxeitar e guiar a barca, polo que a podía impulsar calquera camiñante para pasar. Non tiña máis ca embarcar e logo ir turrando pola corda para deslizar e cruzar o río seguindo o camiño. Outras veces, as barcas tiñan barqueiro que cobraba a quen desexase o seu servizo; nestes casos a barca era de grandes dimensións, case sempre de fondo plano e coa proa e popa achatadas, e transportaban mercancías e animais, incluíndo os carros e moitas persoas.

*Novos tempos, novas tecnoloxías
Río Leira, Vilamartin de Valdeorras (Ourense)*



*Sempre a natureza marcando o camiño
Río Leira, Vilamartin de Valdeorras
(Ourense)*

Ditos, refráns e lendas relativas ao oficio

Ditos

- ↪ *Non hai río de auga brava, que non teña boa ponte para atravesala.*
- ↪ *Cando a neve chega ao Miño, na montaña non se ve o camiño.*
- ↪ *O que ao río se achega a auga o leva.*
- ↪ *Cando chove arreo, o río asolaga o terreo.*
- ↪ *A auga do río vai avoltada coa treboada.*

Refráns

- ↪ *Arriba polo portelo, miña prenda resalada; arriba polo portelo, que na corredeira hai lama.*
- ↪ *Pola ponte de Monelos, vinte e cinco xastres van; cada un cunha fouce, para matar unha ran.*
- ↪ *Adeus ponte Nafonso, non sei quen te acabará; trinta anos me levache, na flor da miña mocedad.*
- ↪ *Quen tivese amores lonxe, regueiriños que pasar; faga unha ponte de pedra, que de pau pode crebar.*

Lendas das pontes

↪ **A Ponte da Friera**

Esta lenda sitúase polo ano 791, nun día en que todo o pobo estaba de xuntanza para celebrar o casamento dunha nova parella. Nisto aparecen os mouros e mentres os homes se van armar para combater, as mulleres, nenos e vellos foxen para o cumo do monte; os mouros vencen os da aldea e comezan a subir cara ao lugar onde estaban os refuxiados que, aterrorizados, buscan un paso encima do fondo barranco, mais este paso desaparecera. Entón, a noiva fai a promesa de ofrecer a Deus tódolos días da súa vida se os salva do perigo; de contado, quita o veo branco, lánzao contra a outra beira quedando deste xeito tendido e pon o seu pé encima sobre o mesmo. O veo colleu a dureza e consistencia dunha pedra, todos pasan sobre el e, cando os mouros queren facer o mesmo, o paso ábrese ao medio e estes caen, facendo que os que aínda non comezaran a pasar, escapasen. Cando quixeron recoller o veo, xa non o puideron facer, pois a branca ponte quedou alí para sempre.

↪ **A Ponte do Pasatempo**

A "Ponte do Pasatempo", coñecida de antigo como "Ponte dos Ruzos", está en Mondoñedo no barrio dos Muíños sobre o río Valiñadares.

Relata un feito histórico acontecido no ano 1483, en torno ao apresamento do Mariscal Pardo de Cela, último defensor do Reino de Galicia e da súa independencia. Contrario aos intereses dos Reis Católicos, foi capturado por traizón dos seus vasallos no castelo da Frouseira. A lenda testemuña que a súa dona, Isabel de Castro, curmá da raíña Isabel "a Católica", ao saber que o seu marido e mais o seu fillo foran conde-

nados a morte, emprende viaxe ata a Corte de Castela, cabalgando durante dez días; pero cando tornaba co indulto real a Mondoñedo, ás portas da cidade foi entretida por uns frades na ponte. Coa manobra argallada polo bispo, Fadrique de Guzmán, inimigo acérrimo do mariscal, gañou o tempo preciso para ordenar e apurar a execución, de xeito que cando a desgraciada muller entra na cidade, o seu marido e fillo xa foran decapitados.

➤ *A Ponte das partidas e os sete santos*

A Lenda testemuña a orixe do nome da “Ponte das partidas de Moreira” a chamada “dos sete santos”, no concello de Ponteareas (Pontevedra).

Reflicte unha historia de tempos afastados, de loitas e inxustizas, matanzas e pecado, nos que sete irmáns decidiron dedicar a súa vida a loitar contra esas calamidades na comarca. Xuntáronse un día debaixo da ponte e decidiron marchar en cadansúa dirección para facer o ben e espallar a palabra de Xesús Cristo, tan esquecida das persoas naquel tempo. Os sete irmáns dos que falamos eran Asunción, Lucía, María da O, Marta, Amaro, Brais e Cibrán.

Antes de partir decidiron que, pasase o que pasar, farían o imposible por permanecer sempre xuntos, vixiándose e protexéndose entre si. E para teren novas uns dos outros e cambiar impresións, acordaron xuntárense cada certo tempo naquel mesmo lugar para selar a súa unión. Logo botaron a andar cada un na súa dirección. Asunción colleu o camiño de Pesqueiras, Lucía marchou a Ganade, María da O ficou na Picoña, Marta chegou ata Ribarteme, Amaro detívose en Lira, Brais camiñou ata Areas, e Cibrán quedou moi preto de alí, en Guláns.

Cada un no seu sitio, acadaron proezas increíbles na súa particular cruzada contra a maldade e a inxustiza da xente; pero baixo ningún concepto esquecían a súa promesa e cada certo tempo volvían a Moreira para saber dos seus irmáns, do que fixeran, dos seus acertos, dos seus erros, de se necesitaban da súa axuda... xuntanzas de lecer e de lealdade que remataban coa chegada do día. O amencer atopábaos de novo camiñando en cadansúa dirección co firme compromiso de volver no intre preciso para atopárense de novo cos seus irmáns.

E levaron tanto tempo e tanto traballo en rematar o seu cometido, que pouco a pouco, aos sete irmáns se lles foi marchando a vida. E din que tanto ben fixeron espallando a palabra sagrada e facendo tornar as persoas da senda do mal, que quixo o ceo que fosen nomeados santos e venerados, e alí onde foron enterrados, medrasen sobre os seus corpos sete montes en sinal de recoñecemento ao seu traballo. E vendo tal prodixio, o pobo ergueu unha ermida no alto de cada un dos sete montes de maneira que todos eles miran en dirección á ponte das partidas, dando continuidade á promesa que os sete irmáns fixeran un día baixo os seus arcos, vixiándose eternamente e protexéndose entre si.



NOVO CERTAME CONVOCATORIA ANO 2013

TEMA: "Os carpinteiros de ribeira"

SYNGENTA AGRO, continuando coa tradición deste "**Almanaque**" de rescatar anacos da cultura Noroeste, establece para este ano un novo certame dotado cun PREMIO DE 650 € ao mellor traballo sobre "**Os carpinteiros de ribeira**". O traballo gañador publicárase na próxima edición do "**Almanaque agrícola ZZ**".

- 1) Poderán participar todas as persoas que o desexen, agás os distribuidores e empregados da compañía e os seus familiares directos.
- 2) Os concursantes deberán enviar os seus traballos a Syngenta Agro, referencia "CONCURSO", a A Relva s/n 36400 O Porriño (Pontevedra) antes do 30 de setembro de 2013. Os traballos achegados non serán devoltos e a compañía poderá empregalos para outras publicacións da mesma.
- 3) Os traballos han de estar redactados no **idioma galego normativo**, cunha extensión máxima de seis follas con letra e espazo normal, sendo tamén necesario remitilos á empresa nalgún soporte informático (CD, memoria portátil, etc). Admitiranse traballos informáticos que serán enviados á ligazón www.syngenta.es, e deberán versar sobre os seguintes aspectos.
 - Historia do oficio de carpinteiro de ribeira no litoral e nas veas fluviais de Galicia. Patrimonio e futuro do oficio.
 - Comarcas ou poboacións galegas de especial relevo na construción naval de ribeira e tipoloxías das embarcacións fabricadas.
 - O oficio. Tipos de madeiras. Tempos de tala e secado. Máquinas, aparellos e ferramentas. Esquemas, debuxos e gráficos.
 - O remo, a vela, outros. O proceso de fabricación.
 - Refrás, ditos, cantigas, lendas ou pequenos contos relativos ao oficio.

Nota: no apartado gráfico valoraranse só gráficos ou debuxos inéditos, non admitíndose fotografías baixadas de internet.

- 4) O Xurado que outorgará o premio ao mellor traballo estará composto por persoal de SYNGENTA coñecedor da cultura galega, e o seu veredicto darase a coñecer a partir do 1º de outubro de 2013.

Novo Karate Zeon Plus

fixate ben, porque agora é 1.5 CS

PLUS

sensiblemente
mellor

Máis seguro,
máis práctico
e máis rendible.



 **Karate Zeon⁺**
1.5 CS

syngenta.

Un pequeno detalle. Unha gran diferenza.





As novas Castas de Vide

A variedade "Monstruosa"

1. Sinonimias

Monstruosa de Monterrei



2. Localización

En cepas antigas practicamente illadas no val de Monterrei, especialmente na zona de Oímbra, o que suxire a súa orixe local.

3. Características ampelográficas

Brote: aberto, fortemente rebertado de vermello, practicamente lampo.

Xemas: verdes, sen pigmentación.

Pampo: semierguido, de cor verde avermellada, algunha densidade de pelos nos nós, pero nula nos entrenós.

Folla adulta: grande, de forma pentagonal, con cinco lóbulos (ás veces algún inexistente), de pouco a medio profundos. Sen pilosidade nos nervios da face, medias no envés, dentes pronunciados convexos. Seo peciolar entre V e lirado. Follas inchadas na face.

Acio: grande, compacidade media, cónico e cunha ou dúas ás. Pedúnculo curto.

Bagas: grandes, esféricas a algo elípticas, de cor amarelada, dourado na madurez.





4. Fenoloxía

Agromada media-tardía, maduración media a tardía.

5. Agronomía

Varietade produtiva, require certa frescura no chan.

6. Fitopatoloxía

É resistente a mera (mildiu) e a oídio, pero non ao podre (botrite). Moi sensible a enfermidades de madeira especialmente excoriose.

7. Enoloxía

Varietade de calidade moderada, apta para mestura con Verdello ou Doa Branca. Os mostos alcanzan boas graduacións alcohólicas, aínda que certo déficit en acidez. Aromas de intensidade media-alta, con connotacións a mazá Espe-riega madura. Os viños manifestan certa tendencia cara á oxidación.

8. Outros datos

Varietade autorizada na D.O. Monterrei.



¡boa UVA, bo VIÑO!

Que, ao final, o que
de verdade importa
é a calidade

 **Switch**[®]

syngenta

Máis protección
Máis eficacia








O TEMPO

Días bastante anubrados e de abondosa friaxe, con choivas que, aínda que non serán fortes, é probable que duren por varios días seguidos. Nos primeiros do mes, o tempo será máis enxoiito, húmido nos días centrais e volverá a unha melloría de cara ao final.

"Poda en xaneiro, vendima no sombreiro"
"Auga de xaneiro, todo o ano trae tempoiro"

DATOS CLIMATOLÓXICOS

| | Estación de recollida de datos y media anos |  Temperatura media das máximas (°C) |  Temperatura media das mínimas (°C) |  Temperatura media do mes (°C) |  Días de choiva |  Precipitación total L/m ² |
|------------|---|--|--|---|--|--|
| A Coruña | Mabegondo (2000-2012) | 13,09 | 4,80 | 8,90 | 15 | 111,72 |
| | Fontecada-Sta. Comba (2003-2012) | 11,51 | 4,38 | 7,70 | 17 | 215,30 |
| Lugo | Campus Lugo (2000-2012) | 10,56 | 6,34 | 6,09 | 12 | 90,49 |
| | Pedro Murias-Ribadeo (2000-2012) | 13,1 | 7,1 | 10,1 | 15 | 102,8 |
| Ourense | Gandarela-Celanova (2005-2012) | 9,6 | 3,7 | 6,6 | 11 | 87,1 |
| | Ourense-Ciencias (2005-2012) | 12,2 | 4,3 | 7,7 | 10 | 87,7 |
| Pontevedra | Mouriscade-Lalín (2000-2012) | 11,2 | 1,6 | 6,1 | 14 | 124,1 |
| | Corón-V. de Arousa (2002-2012) | 13,4 | 7,5 | 10,5 | 12 | 149,8 |

1 M. **Nai de Deus.** S. María.
1953. Publícase o primeiro número do Almanaque agrícola ZZ. Sempre en idioma gallego normativo, é un manual agrario de carácter técnico, etnográfico, e con diversos contidos vencellados a sabiduría popular. 100.000 exemplares de tirada anual.

2 M. Ss. Basilio; Gregorio.

3 X. S. Xenoveva.

4 V. Ss. Iolando; Rigoberto.
1882. Sae á rúa o primeiro número de La Voz de Galicia.
1922. Pepe Da Pena (José Cerviño García), morre en Cotobade, un dos mellores santeiros (construtores de cruceiros).
1977. Lei sobre a reforma do Rexistro Civil para traducir os nomes propios ó galego.

5 S. S. Emilia.
1976. Créase o Consello de Forzas Políticas.


Cuarto
Minguante

6 D. **A Epifanía. Os Santos Reis, Melchor, Gaspar e Baltasar.**
Ss. Wilma; Melanio.

7 L. S. Raimundo.
1950. Morre Castelao en Bos Aires.

8 M-. Ss. Luciano; Eladio.
1979. Fúndase en Barcelona Edicións Sotelo Blanco.

9 M. S. Lucrecia.

10 X. S. Gonzalo.

11 V. S. Alexandre.
1533. A Xunta de Goberno do Novo Reino de Galicia acorda aumentar dúas provincias: A Coruña e Tui.
1859. Nace en Carballo Alfredo Brañas.

12 S. S. Xulián.
1912. Nace en Celanova o escritor Celso Emilio Ferreiro.

13 D. **Bautismo do Señor**
S. Hilario.

14 L. S. Félix.

15 M. Ss. Raquel; Amaro.

16 M. S. Marcelo.

17 X. Ss. Antón Abade; Guido.

18 V. Ss. Prisca - Priscila.

19 S. S. Mario.


Cuarto
Crecente

20 D. Ss. Sebastián; Fabián.
1765. Inaugúrase na Coruña a Academia de Agricultura.

21 L. S. Inés.

22 M. Ss. Laura Vicuña; Vicente.

23 M. S. Virxinia.

24 X. S. Francisco de Sales.

25 V. S. Elvira.

26 S. Ss. Timoteo; Tito; Guimara; Ansurio; Viliúlfo.

27 D. Ss. Ánxela Merici.


Lúa
Chea

28 L. S. Tomé de Aquino.
1731. Primeira sesión da "Academia Literaria Compostelana", presidida por Pablo Mendoza de los Ríos.
1902. Nace o pintor Urbano Lugrís.

29 M. S. Valerio.
1899. Nace en Rianxo o escritor Rafael Dieste.
1930. Morre o poeta Manoel Antonio.

30 M. S. Martiña.
1886. Nace en Rianxo Alfonso Daniel Rodríguez Castelao.

31 X. Ss. Xoán Bosco; Marcela.
1809. Ocupación de Vigo polas tropas francesas.
1820. Nace en Ferrol Concepción Arenal.








Febreiro

O TEMPO


Continuará o tempo con días de nubes e vento. Choivas xa máis importantes e abondosas ca no mes anterior. Pero cando o tempo vire, poida que sexa máis quedo pero frío, con neve nas montañas e xeadas no val.

"Come máis unha xeadada de febreiro ca todos os cabalos do Reino"
"Se queres ter abellas, míraas polas Candeas; se queres ter mel, míraas polo San Miguel"

DATOS CLIMATOLÓXICOS

| | Estación de recollida de datos y media anos |  Temperatura media das máximas (°C) |  Temperatura media das mínimas (°C) |  Temperatura media do mes (°C) |  Días de choiva |  Precipitación total L/m ² |
PS: 3 días en tomate. 7 días en melocotón, albaricoque, cerdeira e ameixa. 14 días en apio, pereira, maceira, néspereira e leituga. 30 días noutros cultivos. NP en caraveis.

Fungicida de acción sistémica, preventivo e curativo, nos cultivos de allo, caravel e espárrago para fungos; apio contra septoria; leituga, pataca e tomate contra alternaria, pereira contra moteado, fungos e septoria; maceira e néspereira contra moteado; remolacha contra oídio e cercospora; abladura en melocotoeiro e oídio; cribado e monilia en melocotoeiro e albaricoqueiro; monilia e oídio en ameixa e monilia en cereixa.

DOSE: 10-20 ml/hl en froiteiras, 50-80 ml/hl en tomate; leituga e pataca. 30-50 ml/hl nos restantes cultivos, 20-30 ml/hl en melocotoeiro e albaricoqueiro.

SWITCH

37,5% Ciprodinil.

Nº 21714 _ - N

25% Fludioxonil WG.

25x20 g, 300 g, 1 kg e 5 kg.

PS: 2 días amorodos, 3 días berenxena, tomate, corcubitáceas de pel comestible e feixóns verdes. 7 días en viña, leituga e outros cultivos. 14 días en pereira. 28 días en feixóns (fabas).

Fungicida específico contra botrite nos cultivos de viña, amorodos, pemento, melocotoeiro, albaricoqueiro, cerdeira, ameixeira, feixóns verdes, leitugas, berenxena, tomate, corcubitáceas de pel comestible y feixóns (faba). Tamén controla monilia, sclerotinia e asperxilo.

DOSE: 60-100 g/hl en todos os cultivos excepto leituga (0,5-0,6 Kg/ha) e viña (0,6-1 kg/ha).

THIOVIT JET

80% Xofre en microgránulos
mollables.
1 Kg, 10 kg e 25 kg.

Nº 12901 Xi - _

PS: 3 días en hortícolas non de folla e 5 días demais cultivos. NP ornamentais leñosas.

Fungicida a base de xofre en microesferas, con acción por contacto e vapores, contra oídio, ácaros, eriofidos e negrilla, nos cultivos da vide, hortícolas, froiteiras e outros cultivos.

DOSE: 250-750 g/hl segundo cultivos.

TOPAS 200 EW

20% Penconazol.
50 ml, 100 ml, 500 ml e 1 l.

Nº 21291 Xn - N

PS: 3 días en melón, sandía, cocurbitáceas de pel comestible, cogombro, amorodo, pemento e tomate. 14 días en vide e outros cultivos.

Fungicida antioídio, sistémico de acción preventiva que ademais detén a infección durante o período de incubación. Para cultivos de viña, froiteiras, amorodos e outros cultivos.

DOSE: 15 - 25 ml/hl conforme os cultivos.

HERBICIDAS

ALLY 20 SX

20% Metsulfuron-Metil - SG
100 g.

Nº 24151 Xi - N
PS: NP.

Herbicida de contacto e residual, eficaz contra malas herbas de folla ancha en tratamentos de postemerxencia en cultivos de trigo e cebada. Aplicar a partir de 2 follas e ata o final do fillado do cultivo.

DOSE: 20-30 g/ha.

ARIZONA

40% Clortoluron SC.
2,5% Diflufenican
5 l.

Nº 23912 Xn - N
PS: NP.

Herbicida de pre e postemerxencia contra herbas anuais de folla estreita e ancha. Para utilizar nos cultivos de trigo e cebadas de ciclo longo.

DOSE: Para trigo, aplicar despois da sementeira ou cando o trigo teña tres follas a dose de 1,75 a 3 l/ha. En cebada, antes de nacer ou despois de nacer cando teña tres follas a dose de 1,75-2,5 l/ha.

AUROS PLUS

80% Prosulfocarb EC.
20% Triasulfurón WG.
3x3 l + 6x15 g.

Nº 18087 Xn - _
Nº 17925 _ - N

Combinado herbicida de pre e postemerxencia contra herbas anuais de folla estreita e ancha. Para utilizar nos cultivos de trigo e cebada.

DOSE: Para trigo aplicar pouco despois da sementeira e antes de que as herbas teñan dúas follas. En cebada aplicar en postemerxencia do cultivo e antes de que as herbas teñan dúas follas. 4-6 l/ha do AUROS (Prosulfocarb 80%) máis 20-37,5 g/ha do LOGRAN (Triasulfurón 20%).

AXIAL

10% Pinoxaden EC.
1 e 5 l.

Nº 24679 Xi - N
PS: NP

Novo herbicida de postemerxencia de alta eficacia, contra avea, ballico e outras gramíneas nos cultivos de trigo e cebada. Aplicar a partir de 3 follas do cereal e cando as malas herbas nazan. A eficacia do produto non se ve alterada polas baixas temperaturas.

DOSE: 0,5-0,6 l/ha + 500 ml/hl do mollante ADIGOR.

BANVEL D

48% Dicamba SL.
1 l.

Nº 11533 _ - N
PS: 2 meses para a colleita da forraxe ou a entrada do gando. NP no millo.

Herbicida de postemerxencia contra herbas anuais de folla ancha. Traslócase a través das follas, brotes e raíces.

Para utilizar nos cultivos de trigo, cebada, avea, millo, pradeiras de gramíneas e céspedes.

DOSE: No millo aplicarase cando teña entre 4-8 follas a dose de 600-750 ml/ha (140 ml/hl). En cereais dende 3 follas ata o final do afillado a dose de 300 ml/ha (100 ml/hl). En pradeiras e céspedes 600 ml/ha (150 ml/hl).

BANVEL TRIPLE

29,6% 2,4-D amina. 26,5% MCPA amina.
10% Dicamba amina SL.
1 l e 5 l.

Nº 13537 Xn - N

PS: 21 días dende a aplicación ata o consumo do pasto polo gando.

Herbicida de postemerxencia contra todo tipo de malas herbas de folia ancha nas pradeiras e céspedes de gramíneas xa establecidos. Tamén para os cultivos de: trigo, cebada, avea e centeo.

DOSE: 0,8-1,5 l/ha (200-375 ml/hl). En pradeiras aplicarase preferentemente ó inicio da brotación ou 1-2 semanas despois dun corte. En cereais o mellor momento é o afillado antes de encanar. A temperatura debe ser entre 12-24°C.

BROMOTRIL 24 EC

24% Bromoxinil EC.
5 l.

Nº 20094 Xn - N

PS: 15 días.

Herbicida para o control de folia ancha en tratamentos herbicidas de postemerxencia en cultivos de avea, cebada, centeo, millo e trigo. Aplicar dende o estado de 2-4 follas ata 6-8 follas en millo, e a partir de 3 follas no resto dos cultivos.

DOSE: 1-2 l/ha para o millo; 1-1,65 l/ha no resto dos cultivos.

CALLISTO

10% Mesotrione SC.
250 ml, 1 l e 5 l.

Nº 22313 Xn - N

PS: NP.

Herbicida para o cultivo do millo, contra a xuncia e outras herbas cando estas son noviñas.

DOSE: 0,75-1,5 l/ha. Bótase co millo nacido e cando a xuncia é noviña, entre 2-4 follas. Pódese repetir o tratamento entre o millo se xorde ata o estado de oito follas do cultivo.

CAMIX

40% S-Metolaclo. 4% Mesiotrione, SE.
1 l, 5 l e 20 l.

Nº 24063 Xi - N

PS: NP.

Novo herbicida de pre e postemerxencia precoz contra herbas de folia estreita e ancha no cultivo de millo. CAMIX leva na súa composición unha substancia protectora que impide producir fitotoxicidade ao cultivo (Benoxacor).

DOSE: 3,75 l/ha

DUAL GOLD

96% S-Metolaclo EC.
1 l e 5 l.

Nº 22126 Xn - N

PS: NP.

Herbicida activo contra gramíneas anuais: Echinocloa, dixitaria, setaria, lolium, e outras.

A Xuncia é moderadamente sensible a DUAL GOLD. Indicado para os cultivos de: millo, pataca, remolacha e xirasol. As aplicacións en postemerxencia deben ser só con herbas moi noviñas.

DOSE: En pataca e remolacha 0,5-1,5 l/ha e en millo e xirasol 0,5-2 l/ha.

ELITE PLUS

6% Nicosulfuron OD.
1 l e 5 l.

Nº 24765 Xn - N

PS: NP. Non poñer colza como cultivo a seguir.

Herbicida de postemerxencia contra herbas gramíneas e dicotiledóneas no cultivo do millo. Activo contra equinocloa e outras gramíneas resistentes. Complementario contra a xunca. Pode empregarse en combinación con outros herbicidas de postemerxencia.

DOSE: 0,5-0,75 l/ha. Aplicar cando o millo teña entre 3 e 4 follas. Non aplicar en parcelas onde se usaron insecticidas organofosforados en aplicación ao chan.

NOVO

FUSILADE MAX

12,5% Fluazifop-p-butil EC.
1 l e 5 l.

Nº 15814 Xn - N

PS: 21 días para colleitas e entrada do gando;
3 meses para sementar cereais.

Herbicida selectivo nos cultivos de folla ancha, sistémico de postemerxencia para o control de gramíneas anuais e perennes. Pode botarse nos cultivos de: pataca, leguminosas, hortas, cultivos industriais, ornamentais, herbáceas e leñosas. Tamén en froiteiras e vide.

DOSE: 1,25-2 l/ha para gramíneas anuais, en perennes duplicar a dose e facer dúas aplicacións. Vide, froiteiras de folla caduca e cítricos 4 l/ha.

PRIMEXTRA LIQUIDO GOLD

31,25% S-Metolaclo. 18,75% Terbutilazina.
5 l e 20 l.

Nº 22199 Xi - N

PS: NP.

Herbicida a base dunha adecuada combinación de dúas substancias activas que permiten combater as gramíneas e dicotiledóneas anuais que invaden normalmente o cultivo do millo de consumo ou de forraxe. En condicións normais poden sementarse ou plantarse calquera dos cultivos que poden seguir ao millo nunha rotación normal.

DOSE: 4 l/ha.

REGLONE

20% Dicuat SL.
1 l.

Nº 12346 T+ - N

PS: 15 días.

Herbicida de contacto de acción rápida e eficaz contra as malas herbas. Axeitado para desecante de diversos cultivos facilitando as colleitas. Autorizado en patacas, millo, xirasol e algodón como desecante. Noutros cultivos, como herbicida de pre-laboreo ou para botar entre liñas sen mollar as follas do cultivo.

DOSE: 1,5-4 l/ha.

TERRAPACK

25% Flazasulfuron WG.
36% Glifosato SL.
1x50 g + 2x1 l.

Nº 91990 _ - N

Nº 22957 _ - _

PS: NP.

Pack comercial de herbicidas de pre e postemerxencia contra herbas anuais de folla estreita e ancha. Para utilizar no cultivo de viña.

DOSE: Aplicar á liña de plantación a razón de 100-200 g/ha de Terafit (flazasulfuron 25%) máis 6 l/ha Touchdown Premium (Glifosato 36%), cando as malas herbas comecen a emerxer e coa viña sen brotación. En caso de que o cultivo brotase, facer a aplicación localizada sen mollar a vexetación. Recoméndase o uso de campás protectoras.

TORDON 22 K

24% Picloran (sal potásica) SL.
250 cc e 1 l.

Nº 11760 Xi - _

PS: 21 días

Herbicida de translocación, moi persistente para o control de leñosas en terreos sen cultivo (silveiras, toxos, xestas, etc), rumex e outras especies de folla ancha en praderías de gramíneas. É absorbido por vía radicular e foliar.

DOSE: 1 l/ha en prados de gramíneas e 1-1,5 l/hl zonas non cultivadas.

TOUCHDOWN PREMIUM

36% Glisofato (sal amónica) SL.
1 l, 5 l, 10 l e 20 l.

Nº 22957 _ - _
PS: 7 días cereais e terreos agrícolas.
NP demais cultivos.

Herbicida sistémico, non selectivo de post-emerxencia, contra todo tipo de herbas, incluídas as perennes e malezas leñosas, cun gran ámbito de aplicación. Plantacións de aguacate, cereais, froiteiras de folla caduca, limoeiro, laranxeira, oliveira, plataneiro, terreos agrícolas, terreos forestais e vide. Grazas á tecnoloxía Sistem 4, Touchdown Premium actúa máis rápido, e en condicións difíciles obtéñense mellores eficacias ca con outros herbicidas sistémicos.

DOSE: 3-7 l/ha segun do o cultivo e tipo de herba ou maleza a controlar. Recoméndase aplicacións con baixo volume de auga, de 100-200 l de auga por ha, polo que a dose equivale a: 1,5-3,5 l/hl. As doses máis baixas para as herbas noviñas, e as máis altas para perennes e malezas leñosas.

PRODUCTOS VARIOS

ABOFOL-L

24% Nitróxeno (N) total baixo varias formas.
16% Fósforo (P_2O_5) soluble. 12% Potasio (K_2O)
soluble. 0,02% Boro (B) e 0,04% Zinc (Zn)
quelados por EDTA- Na_2 . Sólido cristalino.
5 kg.

Rexistro de fertilizantes e afíns
PS: NP.

Fertilizante foliar que estimula e regula a vexetación das plantas, diminúe os problemas de carencias e mellora a calidade das colleitas. Axuda a recuperar os cultivos nos accidentes climáticos. Autorizado para todos os cultivos.

DOSE: 100 g/hl. Tamén pode aplicarse á terra para ser tomado polas raíces dos cultivos.

ALIMET

5% Metaldehído.
1 Kg e 5 Kg.

Nº 11744 _ - _
PS: 15 días. Ornamentais NP.

Cebo en forma de gránulos contra lesmas e caracois nos cultivos de cítricos, amorodos, froiteiras de folla caduca, subtropicais, hortícolas, ornamentais herbáceas, ornamentais leñosas, industriais e pataca. Alimet posúe unha elevada resistencia ao lavado, sen que o seu poder atraente se vexa reducido.

DOSE: 5-8 Kg/ha.

CULTAR

25% Paclobutrazol SC.
1 l.

Nº 17270 Xi - N
PS: 60 días para as colleitas.

Regulador do crecemento para fruticultura e viticultura. Reduce a lonxitude das brotacións, mellora a calidade dos froitos, e na vide ademais evita o corremto da floración. Aplicar en cultivos con certa vitalidade.

DOSE: Varía segundo os cultivos e momento de aplicación. Na vide para mellorar o callado da flor aplicar unha soa vez, 50 ml/hl entre dúas ou tres semanas antes da floración.

ISABIÓN

Complexo de aminoácidos LS.

Rexistro de fertilizantes e afíns.

1 l, 5 l, 20 l, 120 l e 640 l.

Nutriente orgánico bioestimulante da vexetación das plantas en todo tipo de cultivos. Aplicar na fase de crecemento das plantas, especialmente indicado en cultivos cativos ou afectados por accidentes climatolóxicos, fitotóxicidades, etc.

DOSE: En aplicación foliar 200-500 ml/hl (4-5 l/ha). En aplicacións a terra, pode incorporarse coa rega (3-4 l/ha) e 4 aplicacións. Un máximo de 15 l/ha.

KLERAT BLOCK

0,005% Brodifacoum. Bloques parafina. BB.

Nº RPDGSP: 08-10-00838

500 g, 5 kg e 10 kg.

y 08-10-00838 HA.

Raticida moi activo por inxestión contra todo tipo de roedores, tamén para os resistentes a outros anticoagulantes. Controla ratas, ratos e toupas de campo. Formulación axeitada para almacéns, recintos, exteriores, colectores.

DOSE: colocar os bloques en portacebos en bastantes puntos por toda a superficie infestada, cerca de onde os roedores teñen os seus niños, tobos ou galerías, principalmente onde estiveron alimentándose ou causando danos. Apto para uso zosanitario.

SUPER KLERAT

0,005% Brodifacoum.

Nº RPDGSP: 08-10-00837

Cebo granulado coloreado. GB.

y 10-10-00837 HA.

250 g.

Raticida moi activo por inxestión contra todo tipo de roedores, tamén para os resistentes a outros anticoagulantes. De utilización en almacéns e recintos agrícolas exteriores ou interiores. **Ratas:** adoitan alimentarse en lugares ocultos cos que estean familiarizadas. Colocarase en cada punto o contido dunha bolsiña nun portacebo e a intervalos de 5-10 metros. Debido a que as ratas son moi desconfiadas, recoméndase non facer limpeza nin mover os obxectos nos lugares tratados, ata a finalización da desratización.

Ratos: con dos bolsiñas de 25 g pódense facer de 2 a 4 puntos de cebo, situando os portacebos a intervalos de 2-5 metros. Como os ratos son comedores esporádicos e tenden a explorar novos lugares, recoméndase cambiar os cebos de sitio periodicamente. Ao abrir as bolsiñas, colocar os gránulos nun portacebo no punto elixido, e revisalos cada 7-8 días; repoñer aqueles puntos de cebo onde este tivese sido comido. Apto para uso zosanitario.



Valor dos ferrados galegos en metros cadrados

PROVINCIA DA CORUÑA

| | | | | | |
|-----------|-----|------------|-----|-----------------------|-----|
| A Baña | 528 | Cerceda | 639 | Mugardos | 548 |
| A Coruña | 444 | Cerdido | 509 | Muros | 335 |
| Abegondo | 436 | Cesuras | 436 | Muxía | 424 |
| Ames | 639 | Coiros | 436 | Narón | 509 |
| Aranga | 436 | Corcubión | 424 | Neda | 509 |
| Ares | 548 | Coristanco | 524 | Negreira | 528 |
| Arzúa | 536 | Culleredo | 444 | Noia | 420 |
| As Pontes | 548 | Dodro | 420 | Oleiros | 444 |
| Ateixo | 444 | Dumbria | 424 | Ordes | 639 |
| Bergondo | 436 | Enfesta | 639 | Oroso | 639 |
| Betanzos | 436 | Ferrol | 509 | Ortigueira | 444 |
| Boimorto | 536 | Fisterra | 424 | Outes | 396 |
| Boiro | 484 | Frades | 636 | Oza dos Ríos | 436 |
| Boqueixón | 639 | Irixoa | 436 | Paderne | 436 |
| Brión | 500 | Laracha | 524 | Padrón | 420 |
| Cabana | 524 | Laxe | 524 | Pino | 536 |
| Camariñas | 424 | Lousame | 420 | Pobra do Caramiñal | 484 |
| Cambre | 444 | Malpica | 524 | Ponteceso | 524 |
| Capela | 548 | Mañón | 548 | Pontedeume | 548 |
| Carballo | 524 | Mazaricos | 424 | Porto do Son | 480 |
| Cariño | 444 | Melide | 536 | Rianxo | 484 |
| Carnota | 400 | Mesía | 603 | Ribeira | 484 |
| Carral | 444 | Miño | 548 | Roís | 424 |
| Cedeira | 509 | Moeche | 509 | Sada | 436 |
| Cee | 436 | Monfero | 548 | | |

PROVINCIA DA CORUÑA

| | | | | | |
|------------|-----|--------------|-----|------------|-----|
| Sadurniño | 509 | Teo | 639 | Vedra | 639 |
| Santiago | 639 | Toques | 536 | Vilamaior | 548 |
| Santiso | 536 | Tordoia | 639 | Vilasantar | 536 |
| Sobrado | 536 | Touro | 536 | Vimianzo | 424 |
| Somoza | 509 | Trazo | 640 | Zas | 424 |
| Sta. Comba | 528 | Val do Dubra | 640 | | |
| Teixeiro | 536 | Valdoviño | 509 | | |

Outras Medidas:

En Rianxo úsase a **Cunca** que son 35 m². O ferrado ten 12 Cuncas.

En Boiro úsase **Cuartillo** que son 22,33 m².

En Rois úsase **Cuartillo** que son 17,50 m².

Na Pobra do Caramiñal úsase a **Cunca** que son 40 m².

PROVINCIA DA LUGO

| | | | | | |
|--------------------|-----|-----------------|-----|-------------------|-----|
| A Fonsagrada | 507 | Friol | 436 | Pantón | 489 |
| A Pastoriza | 504 | Guntín | 436 | Paradela | 559 |
| A Pobra de Brollón | 465 | Láncara | 629 | Páramo | 559 |
| A Pontenova | 504 | Lourenzá | 638 | Pedrafita | 578 |
| Abadín | 504 | Lugo | 436 | Pol | 496 |
| Alfoz | 714 | Meira | 514 | Portomarín | 671 |
| Antas de Ulla | 604 | Mondoñedo | 612 | Quiroga | 465 |
| As Nogais | 621 | Monforte | 489 | Rábade | 436 |
| Baleira | 714 | Monterroso | 604 | Ribadeo | 612 |
| Barreiros | 714 | Muras | 548 | Ribas do Sil | 465 |
| Becerreá | 578 | Navia de Suarna | 650 | Ribeira de Piquín | 514 |
| Begonte | 525 | Negueira de | | Riotorto | 504 |
| Bóveda | 489 | Muñiz | 507 | Samos | 559 |
| Carballedo | 629 | Neira de Xusa | 610 | Sarria | 629 |
| Castro de Rei | 629 | O Corgo | 436 | Sober | 484 |
| Castroverde | 496 | O Incio | 559 | Taboada | 604 |
| Cervantes | 553 | O Saviñao | 559 | Trabada | 638 |
| Cervo | 725 | O Valadouro | 714 | Triacastela | 430 |
| Chantada | 629 | O Vicedo | 548 | Vilalba | 546 |
| Cospeito | 525 | Ourol | 548 | Viveiro | 548 |
| Courel (Folgoos) | 436 | Outeiro de Rei | 436 | Xermade | 525 |
| Foz | 714 | Palas de Rei | 604 | Xove | 725 |

Outras Medidas:

En Riotorto: **Fanega** igual a 4 Ferrados, **Ferrado** igual a 2 Tegos, **Tego** igual a 4 Cuartillos.

PROVINCIA DE PONTEVEDRA

| | | | | | |
|--------------------|-----|-----------------|------------|----------------|-----|
| A Caniza | 437 | Gondomar | 541 | Pontevedra | 629 |
| A Estrada | 629 | Lalin | 536 | Portas | 629 |
| A Lama | 217 | Marín | 472 ou 504 | Redondela | 69 |
| Agolada | 536 | Meaño | 629 | Ribadumia | 629 |
| Arbo | 437 | Meis | 629 | Rodeiro | 536 |
| As Neves | 629 | Moaña | 472 | Salvaterra | 437 |
| Baiona | 539 | Mondariz | 432 | Sanxenxo | 629 |
| Bueu | 472 | Moraña | 648 | Silleda | 536 |
| Caldas de Reis | 672 | Mos | 497 | Soutomaior | 64 |
| Cambados | 629 | Nigrán | 541 | Tomiño | 629 |
| Campolameiro | 629 | O Covelo | 264 | Tui | 497 |
| Cangas | 472 | O Grove | 629 | Valga | 629 |
| Catoira | 629 | O Porriño | 497 | Vigo | 541 |
| Cerdedo | 528 | Oia | 402 | Vila de Cruces | 536 |
| Crecente | 437 | Pazos de Borbén | 74 | Vilaboa | 629 |
| Cuntis | 629 | Poio | 629 | Vilagarcía | 545 |
| Dozón | 536 | Pontearreas | 437 | Vilanova | |
| Forcarei | 500 | Pontecaldeas | 629 | de Arousa | 672 |
| Fornelos de Montes | 74 | Pontecesures | 420 | Vilaxoán | 603 |
| | | Pontesampaio | 629 | | |

Outras Medidas:

No Morrazo e ría de Vigo úsase moito a **Vara**, que vale no Morrazo 7,37 m², e en Vigo 4,57 m².

En Pontevedra, Caldas e Cambados úsase a **Cunca**, a doceava parte do **Ferrado** que vale 52,40 m². En Godos e Saíar 56 m². O **Ferrado** 12 veces a **Cunca**.

Na Estrada e Lalin úsase o **Cuartillo**, que vale na Estrada 26 m² e en Lalin 22,34 m².

En Pontecesures a **Cunca** ten 35 m².

Estadal: 12 pés = 336 cm.

PROVINCIA DE OURENSE

O **ferrado** vale: 629 m²

Outras Medidas:

Nas terras adicadas a viñedo, a **Cavadura** vale 437 m² ou 435 m², segundo as zonas.

O **Xornal** son 124 m². En lugares con pendente da Ribeira Sacra, unha "**cavadura**" ou "**home de cava**", equivale a 100 cepas ben desenvolvidas.

- Nas terras adicadas a outros cultivos, a **Tega** vale 388 m², a **Fanega** 4.141 m².
 - Na Porquelra, a **Tega** son 906 m² o **Copelo**, 21 m².
 - Para medidas do cereal, unha **Tega** equivale a 14 quilos de centeo, e unha **Fanega** son cinco **Tegas**.
 - O **Copelo**, en Celanova e A Bola, son 20 m².
 - En Valdeorras a **Maquía** son 120 m²; en Verín son 22,22 m².
- Para medir capacidades en distintas zonas de Ourense, empréganse as seguintes medidas:
- **Ola**: equivale a 16 litros ou 16,5 litros, segundo as zonas.
 - **Moio**: equivale a 8 olas (128 ou 132 litros).
 - **Cabazo**: son 20 litros.
 - **Cuartá e Media Cuarta**: son 20 e 101 litros respectivamente.
 - **Cántara**: son 16 litros. O **Canado** son dúas Cántaras (32 litros).

CONTOS

QUE NON SON CONTOS

AS LONGAS NOITES DE INVERNO

A “casa da Farrapa” é unha casaña soa e apartada, na bisbarra de Verín, no medio de viñedos e cerca do monte con paisaxe fermosa da contorna, rodeada doutras aldeas e á metade do camiño entre España e Portugal; dise que protagonizaron de sempre os seus moradores tantas anécdotas curiosas e divertidas coma a Factoría americana das películas.

Adoitaban durmir moitas veces na mesma cama o matrimonio e os dous cativos

varóns máis pequerrechos, nun camastro amplo, feito polo avó -un carpinteiro de carros coñecido na zona-, porque as noites de inverno quedaban especialmente frías naqueles lares do oriente ourensán.

Unha vez, sendo preto da unha da madrugada, contan que aos pais se lles antollou unha leria “en el calor de la noche”. Cando estaban metidos no fregado, dálle que che pego, guindaron violentamente os nenos da cama, con senllos empurróns, de xeito que foron caer nas frías táboas de castiñeiro do cuarto. Buuuumba e baamba !!!

Pasou a tronada, volveu a calma, recuperáronse os nenos para o cocho e seguiu a noite...

Pero, para Simón, que era o maior, aquilo xa non foi o mesmo. Durmía velando e, deste xeito, cando ao cabo dun tempo lle pareceu sentir xemer os pais e coma unha especie de sospeitosos movementos convulsivos na cama, xa lle berrou ao irmán coa gorxa aberta:

- Nicolás, agárrate Nicolás, que estes carallos volven ela !!!!!!!





Pepe da Corga e Estevo de Castro encontráronse despois de moito tempo, entre a multitude, no San Froilán de Lugo.

Abrazos e alegrón polo encontro, pero só un intre porque Estevo tiña moita prása. Perdera a súa dona e andaba buscando nela coma un desesperado por toda a festa.

– Vaia home, que casualidade –dixo o Pepe–. Pois eu tamén perdín a miña esta mañá e co xentío que hai este ano tampouco a dou topado. Se che parece, dime como é a túa dona e así avisote se a vexo.

– Pois si. A miña Raqueliña éche unha xoia. Única herdeira do pazo do Regato. Cose, tece, pasa o ferro e borda que é un primor. De cociñeira non quero que a haxa. Alta coma nós pero “moi bien formada”, pernas longas e bonitas. Cara fermosa de ollos azuis coma nubes, talle estreito, busto perfecto... (meu Deus, como falou aquel home). E dime tamén como é a túa...

– A miña? A miña? –dixo de novo o da Corga–. Esquece a miña e imos os dous agora mesmo buscar a túa!!!!!!

Disposicións Legais

DE INTERESE PARA GALICIA

O Real Decreto de Uso Sostible de Produtos Fitosanitarios

O pasado 14 de setembro publicouse o Real Decreto 1311/2012, polo que se establece o marco de actuación para conseguir un uso sostible dos produtos fitosanitarios (en diante RDUS). Coa súa publicación, xunto á do Real Decreto 1702/2011, de 18 de novembro, de inspeccións periódicas dos equipos de aplicación de produtos fitosanitarios, queda traspuesta a Directiva Europea de Uso Seguro de Produtos á lexislación Nacional Española.

O próximo paso no seu desenvolvemento será a publicación do Plan de Acción Nacional (PAN) antes do 28 de novembro de 2012, no que se especificarán con detalle as **medidas** concretas para conseguir os obxectivos específicos desexados, os **indicadores** cos que se avaliará o seu nivel de cumprimento e os prazos para levalas a cabo.

Establécense unha serie de obxectivos que, tendo en conta os beneficios económicos, sociais e ambientais que proporcionan os produtos fitosanitarios, permitan prestar atención aos riscos que supón e establecer as medidas necesarias para evitalos:

Obxectivos xerais:

- Fomentar a **Xestión Integrada de Pragas (XIP)**, para preservar un sector agrícola, forestal e alimentario próspero, que asegure unha contribución positiva ao medio ambiente, mediante un **modelo sostible de produción compatible co consumo racional de produtos fitosanitarios**.
- **Reducir os riscos e efectos derivados da utilización de produtos fitosanitarios**, especialmente no ámbito da saúde humana e do medio ambiente.



Obxectivos específicos:

- 1 Mellorar a formación e información sobre o uso sostible e seguro de produtos fitosanitarios.
- 2 Fomentar a investigación, innovación e a transferencia tecnolóxica na xestión integrada de pragas e no uso sostible de produtos fitosanitarios.
- 3 Fomentar a Xestión Integrada de Pragas para conseguir un uso racional dos produtos fitosanitarios.
- 4 Promover a dispoñibilidade de produtos fitosanitarios eficaces no control de pragas, enfermidades e malas herbas, á vez que respectuosos coa saúde e o medio ambiente.
- 5 Fomentar técnicas que minimicen o risco da utilización de produtos fitosanitarios.
- 6 Intensificar os programas de vixilancia sobre a comercialización e uso dos produtos fitosanitarios.
- 7 Reducir o risco derivado da utilización de produtos fitosanitarios en áreas sensibles e espazos naturais.

Podemos dicir que a DUS se apoia en tres alicerces para a consecución dos seus obxectivos: a difusión das boas prácticas agrícolas entre todos os implicados no uso de produtos fitosanitarios promovendo unha maior profesionalización do sector, a introdución

de métodos de traballo e melloras tecnolóxicas e a protección do medio acuático e outras zonas de especial atención. Todo iso primando a información e sensibilización ao público en xeral e establecendo medidas eficaces de seguimento e control.

Novos requisitos para o uso e comercialización de praguicidas

En España xa está en vigor desde hai algúns anos a obrigatoriedade de que todos os usuarios profesionais de praguicidas dispoñan da debida formación e estean en posesión do correspondente carné que o acredite. O RDUS non fai senón reforzar estas esixencias, actualizar os requisitos para conseguir a cualificación e pór ao día os contidos dos cursos.

Defínese “usuario profesional” como “calquera persoa que use produtos fitosanitarios non exercicio da súa actividade profesional, incluídos os operadores, técnicos, empresarios ou traballadores autónomos, tanto no sector agrario coma noutros sectores”, e establécense as seguintes normas:

- A partir do 26 de novembro do 2015 só se poderán vender produtos fitosanitarios para uso profesional a titulares de carné.
- Establécense catro niveis de capacitación: básico, cualificado, fumigador e piloto aplicador.
- Estarán eximidas dos cursos de capacitación aquelas persoas en poder de titulación universitaria ou cualificación profesional habilitante.
- A xestión estará como ata agora a cargo das CC.AA., e poderase realizar a través de Internet.
- Os cursos serán de 25 horas para o nivel básico e de 60 horas para o nivel cualificado.

As maiores novidades neste apartado céntranse nos requisitos legais para o sector da distribución e na nova figura do asesor.

A Distribución, é dicir “calquera persoa física ou xurídica que comercialice produtos fitosanitarios, incluídos almacénistas, comerciantes polo miúdo, vendedores e provedores”, deberá cumprir os seguintes requisitos a partir do 26 de Novembro de 2015:

- No momento da venda deberá estar dispoñible un vendedor para proporcionar a información adecuada.
- Os vendedores deberán estar en posesión do carné cualificado.
- Os distribuidores deberán contar cun técnico con titulación universitaria habilitante.
- Estarán eximidas as empresas que non vendan produtos para uso profesional.

Ademais durante o proceso de venda haberá que ter en conta que:

- Créase un rexistro das operacións de venda de produtos fitosanitarios mediante un **Libro Oficial de Movementos (LOM)** para calquera categoría toxicolóxica (o cal se deberá conservar polo menos durante cinco anos).
- Só poderán venderse a partir do 26 de novembro de 2015 produtos fitosanitarios para uso profesional aos **titulares dun carné**.
- Quedan eximidos os almacéns de venda a non profesionais da agricultura, que deberán facilitar información sobre os riscos para a saúde e o medio ambiente.

E establécese a nova figura do asesor, que deberá estar en posesión dun carné que acredite a formación necesaria para o asesoramento en Xestión Integrada de Pragas, que, como establece a directiva, será o modelo obrigatorio para toda a agricultura europea a partir de 2014.

O asesor defínese como “calquera persoa que adquira uns coñecementos adecuados e asesore sobre a xestión de pragas e o uso seguro dos produtos fitosanitarios a título profesional ou como parte dun servizo comercial, incluídos os servizos autónomos privados, e os de asesoramento públicos, operadores comerciais, produtores de alimentos e comerciantes polo miúdo no seu caso”.

Os asesores deberán estar acreditados e inscritos no novo rexistro (ROPO) a partir do 1 de xaneiro 2014 e a inscrición, aínda que emitida polas Comunidades Autónomas, será válida para todo o territorio nacional.

A titulación habilitante para poder solicitar ás CCAA a inscrición como asesor no rexistro é a seguinte:

- Enxeñeiro Agrónomo ou Enxeñeiro Técnico Agrícola.
- Enxeñeiro de Montes ou Enxeñeiro Técnico Forestal.
- Técnico Superior en Paisaxismo e Medio Rural.
- Técnico Superior en Xestión Forestal e do Medio Natural.
- 40 ECTS (European Credit Transfer System) en materias relacionadas coa **producción vexetal**, das cales **12** polo menos relacionadas coa **protección vexetal**.
- Antes de 2015: titulados e FP con experiencia de polo menos 4 anos en estacións de avisos, empresas de tratamentos, etc.

Créase tamén un rexistro oficial de produtores e operadores de medios de defensa fitosanitarios (ROPO) que entrará en vigor co Plan Nacional de Acción, terá unha validez de 10 anos e nel estarán inscritos todos os implicados no uso de praguicidas:

- Usuarios profesionais de produtos fitosanitarios.
- Sector de Subministración (fabricación, produción, loxística, almacenamento, distribución e venda).
- Asesores fitosanitarios (independentes, dentro do sector subministrador ou de tratamentos, dentro da propia explotación ou pertencendo a entidades de asesoramento recoñecidas).

En canto á utilización de produtos, establécense unhas normas de uso obrigatorias, desde o transporte e almacenamento, a preparación da mestura e aplicación, ata a limpeza de equipos e eliminación dos envases baleiros. Tamén se establece un período de re-entrada mínimo ata que se seque a aplicación nas parcelas tratadas se a etiqueta do produto non especifica outra cousa, e a obrigabilidade en invernadoiros e lindeiros, camiños e outros puntos públicos de acceso, de sinalizar este período nos puntos de acceso.

Xestión Integrada de pragas obrigatoria en todos os cultivos

A partir de 2014 toda a produción agrícola europea débese realizar seguindo criterios de produción integrada. Iso suporá o seguimento dunha serie de directrices:

- Aplicación de prácticas con baixo consumo de praguicidas, dando prioridade aos métodos non químicos.
- Sempre apoiándose na intervención dun asesor.
- Cumpren os principios de GIP os agricultores que estean realizando:
 - Agricultura ecolóxica.
 - Produción Integrada.
 - Sistemas de produción certificados (validación).
 - ATRIAS ou asociacións similares.
 - Os agricultores que dispoñan dun asesoramento que garanta os principios da GIP.
- Para as producións ou tipos de explotacións con baixo risco no uso dos praguicidas, non se esixirá a existencia dun asesor e deberanse seguir unhas guías en GIP.
- Estableceranse incentivos para animar a aplicar voluntariamente as orientacións específicas por cultivos ou sectores.

A administración porá a disposición de todos os agricultores unha serie de “Guías para a Xestión Integrada de Pragas” elaboradas e aprobadas polo Comité de Coordinación sobre produtos fitosanitarios, que servirán de orientación para os asesores e para os usuarios profesionais e que se publicarán na páxina web do Ministerio de Medio Ambiente, Rural e Mariño e as das Comunidades Autónomas. O mantemento dun caderno de explotación debidamente actualizado é outro dos requisitos que se esixirán ás explotacións e usuarios profesionais. Será similar ao existente, aínda que se engadirán algúns novos requirimentos. Deberá conservarse durante polo menos 3 anos, xunto coas prescricións facultativas, facturas e outros documentos xustificativos das anotacións.

Todos os praguicidas utilizados deberán ser prescritos por un asesor (receita), e o seu asesoramento estará documentado, asinado e en poder da explotación durante polo menos tres anos. Loxicamente o asesor deberá ter en conta para as súas recomendacións as guías en GIP elaboradas por cultivo ou grupos de cultivo. Non obstante o anterior, non será necesario o asesoramento para aqueles cultivos ou explotacións que sexan definidos como de “baixo risco”.

Outras consecuencias do Real Decreto de Uso Sostible de Produtos

Aplicacións aéreas: prohibíbense pero con posibilidade de aprobación en casos especiais. Poderán ser autorizadas polas CC.AA. dentro do seu ámbito territorial cando non exista unha alternativa viable ou cando as existentes presenten desvantaxes en relación co impacto sobre a saúde humana e o medio ambiente.

Os tratamentos realizaranse con produtos autorizados para o cultivo ou praga de que se trate e aprobados especificamente para aplicación aérea.

Protección do medio acuático: establécense unhas normas xerais de obrigado cumprimento:

- Dar preferencia a produtos non clasificados como perigosos para o medio acuático nin que conteñan substancias perigosas prioritarias.
- Dar preferencia ás técnicas de aplicación de baixa deriva.
- Establecemento de bandas de seguridade: segundo instrucións da etiqueta pero como mínimo por defecto 5 metros.
- Operacións de calibración: mínimo 25 m das masas de auga.
- Evitar tratamentos con vento superior a 3 Km/h.
- Redución ao máximo posible das aplicacións en redes viarias, superficies moi permeables, etc.

O seguimento das Boas Prácticas Agrícolas durante todas as operacións con produtos fitosanitarios pasa a ser de obrigado cumprimento: transporte do produto, almacenamento, preparación da mestura, aplicación, limpeza do equipo eliminación dos envases. Publicaranse normas especificando estas boas normas en detalle.

Protección das fontes de auga potable:

- Identifícanse os pozos e masas de auga superficiais utilizadas para a captación de auga potable existentes na explotación e anótanse no caderno de campo.
- Deixarase unha banda de seguridade sen tratar de 50 metros ás masas de auga superficiais destinadas para consumo humano.

Redución do risco en zonas específicas:

Zonas de extracción de auga para consumo humano, Uso recreativo, Zonas de protección de hábitats e especies e Zonas de especial protección (ZEPA, LICs, etc.). Seguiranse as seguintes normas:

- Elaboraranse guías específicas.
- Indicarase no caderno de explotación a pertenza a unha zona protexida.
- As autoridades velarán por que se minimize ou prohiba o uso de fitosanitarios nalgunhas zonas concretas.
- O asesoramento seguirá as normas establecidas nos plans xestión da zona protexida.

E para rematar, poranse en marcha os mecanismos necesarios para informar ao **público en xeral** con información precisa e equilibrada sobre os produtos fitosanitarios e estableceranse sistemas de **recollida de información**.

NOVO

TOUCHDOWN

PREMIUM



System 4
TECHNOLOGY

Herbicida non selectivo
de postemerxencia,
de potente efecto sistémico
que controla todas
as malas herbas
anuais e perennes,
mesmo as máis difíciles.

O herbicida cheo de tecnoloxía

Roedores e Rodenticidas



A orde Rodentia é ampla en número de individuos e tipos, incluíndo una terceira parte de todas as especies de mamíferos existentes.

Só 41 dos 124 xéneros se catalogan como pragas, sendo dous os máis estendidos e abundantes: xénero *Rattus* e xénero *Mus*.

As especies máis importantes destes dous xéneros son:

- **Rato doméstico (*Mus musculus L.*)**, estendido basicamente en zonas rurais e granxas.
- **Rata común (*Rattus norvegicus L.*)**, que vive externa ou interiormente en calquera lugar onde atope alimentos. É a rata de sumidoiros. Non sendo autóctona da península, conta a crónica histórica que penetrou polo Pirineo acompañando as tropas francesas durante a invasión napoleónica e alimentándose cos residuos da campaña.
- **Rata negra (*Rattus rattus L.*)**. Vive xeralmente baixo cuberto e con poboación en franco retroceso a favor da anterior, que chegou a impoñerse e fagocitala.



Rato doméstico



Rata común



Rata negra

NECESIDADES DE CONTROL

Causan os roedores moitos e variados problemas en todo mundo por compartir co ser humano o mesmo medio. Das razóns que xustifican o seu control, as tres principais son:

1. **Comen e destrúen alimentos:** Estima a F.A.O. que os roedores causan perdas dun 5% nas colleitas de todo o mundo, cantidade suficiente para alimentar a 130 millóns de persoas. A estes produtos consumidos hai que engadir máis do dobre de alimentos que contaminan polos prexuízos directos e as nocividades colaterais de ouriños, feces, pelos ou secrecións sebáceas que os fan inservibles.
2. **Propagadores de enfermidades:** Son vehículos e vectores de numerosas enfermidades que afectan ó ser humano: a peste bubónica, leptospirose, triquinose, ou as infeccións de salmonella, todas elas de consecuencias graves ou fatais.
3. **Outros tipos de danos:** Causan ademais a destrución de distintos materiais: roeduras na madeira, tuberías de auga, mercancías almacenadas etc. Nas instalacións eléctricas, os cables roídos orixinan cortocircuitos, incendios e importantes avarías.

MEDIOS DE LOITA

O exterminio absoluto das ratas como especie é practicamente imposible; porén, a aplicación de medidas adecuadas logrará un eficiente control capaz incluso de erradicalas nas zonas asiduamente tratadas.

MÉTODOS FÍSICOS: Empregan técnicas mecánicas para eliminalas: rateiras, trampas ou barreiras contundentes para excluír os animais de certos lugares. Os resultados reais destas accións en redución das poboacións de roedores son francamente inoperantes.


MÉTODOS BIOLÓXICOS: Inclúen a introdución dos seus predadores naturais, enfermidades e parasitos, modificación do hábitat, manipulación xenética ou cultivo de variedades resistentes de cereais e especies hortícolas.

A maioría destas solucións teñen fallos de teoría ou posta en práctica.

MÉTODOS QUÍMICOS: Tense comprobado que o método máis efectivo para control de roedores é o uso de rodenticidas clasificándose estes en:

- Agudos ou de acción rápida:** Envenenamento inmediato, facendo necesarias medidas extremadas de manipulación e risco manifesto para outras especies incluído o ser humano. O máis importante desta categoría é o fosfuro de zinc.
- Crónicos:** Actúan lentamente despois de varias doses. Funcionan como anticoagulantes xerando hemorragias internas. Non supoñen risco para animais domésticos polo pequeno nivel de dose letal a que funcionan co roedor.

Destacan como materias activas a warfarina, difenacoum ou bromadiolona, sendo a máis avanzada e moderna o brodifacoum, principio activo de **Súper Klerat**.



Super KLERAT

RATICIDA PARA
ROEDORES COMENSAIS

PELLETS

¡Un só bocado basta!



UNHA SOLUÇÃO DE FÁBULA
PARA O CONTROL
DE RATAS E RATOS

syngenta.

Enderezos dos nosos distribuidores

PARA GALICIA - ASTURIAS

AGRO-REZA, S.L.

(Ourense - Oeste)
agro-reza@mundo-r.com

R/ Reza nº 12 (Galerías Roma)
32003 - **OURENSE**
Telf. e Fax: 988 222834 - 988 227553
Móbil: 692 642118 / 119

AGROVAL S.L.

(Pontevedra - Centro/Sur)
agroval.po@terra.es

As Gándaras de Prado s/n
(Fronte Campo de Fútbol de Budiño)
36475 - **O PORRIÑO** - Budiño
Telf. e Fax: 986 346765 - 986 346766

ALMACENES ROYAL S.L.

(A Coruña - Norte)
agricultura@almacenesroyal.com

R/ Fraga Iribarne nº 48
15300 - **BETANZOS**
Telf.: 981 772714 Fax: 981 772600
Móbil: 689 248630

ASAGRO, SERVICIOS AGRÍCOLAS, S.L.

(Asturias - Leste. Cantabria)
asagro@fade.es

Polígono Silvota, parcela R 45
33192 - **LLANERA** (Asturias)
Telf.: 985 265898 Fax: 985 250764
Móbil: 608 473131

CAMPONOVO PROTECCIÓN DE CULTIVOS S.L.

(Pontevedra - Norte, Coruña - Sur)
p.cultivos@camponovo.es

Polígono industrial Novo Milladoiro
Rúa das Palmeiras, 57 - A2 15895 - **AMES** (A Coruña)
Telf.: 981 535420 Fax: 981 535422
Móbil: 606 990537

FITOAGRARIA S.L.

(Ourense - A Limia, Monterrei)
fitoagrarials@gmail.com

R/ Dous de Maio nº 57
32630 - **XINZO DE LIMIA**
Telf. e Fax: 988 462560 y 639 815999

HORTA LEMOS

(Lugo - Centro/Sur)
correos@hortagalega.es

Ctra. N-540 - Km 4,6
27210 - **SANTA EULALIA DE ESPERANTE**
Telf. e Fax: 982 24 60 19 Móbil: 696 902575

XARDINAGRO S.L.

(Lugo - Norte. Asturias - Oeste)
xardinagro@ctv.es

R/ Linares Rivas nº 4
27760 - **VILANOVA DE LOURENZÁ**
Telf. e Fax: 982 121002
Almacén Telf. 982 121613

Enderezos de SYNGENTA AGRO:

No **PORRIÑO**: A Relva s/n 36400 - O **PORRIÑO** (Pontevedra) Telf.: 986 330300 - 986 331004 Fax: 986 335855
En **MADRID**: C/ Ribera del Loira nº 8-10, 3ª Planta; 28042 MADRID Telf.: 91 3876410 (Centralíña); Fax: 91 7210081

Os contidos desta publicación son propiedade de Syngenta Agro. Prohíbese a súa reprodución total ou parcial, por calquera medio, sen a autorización previa e por escrito de Syngenta Agro.



 **Camix**[®]

protexe a túa
colleita
coida o seu futuro

 **syngenta**



2013

Calendario do Ano

| Xaneiro | | | | | | | Febreiro | | | | | | | Marzo | | | | | | |
|---------|----|----|----|----|----|----|----------|----|----|----|----|----|----|-------|----|----|----|----|----|----|
| L | M | M | X | V | S | D | L | M | M | X | V | S | D | L | M | M | X | V | S | D |
| | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | | | | | 1 | 2 | 3 | | | | | 1 | 2 | 3 |
| 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 | 13 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 |
| 14 | 15 | 16 | 17 | 18 | 19 | 20 | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 |
| 21 | 22 | 23 | 24 | 25 | 26 | 27 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 | 24 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 | 24 |
| 28 | 29 | 30 | 31 | | | | 25 | 26 | 27 | 28 | | | | 25 | 26 | 27 | 28 | 29 | 30 | 31 |

| Abril | | | | | | | Maio | | | | | | | San Xoán | | | | | | |
|-------|----|----|----|----|----|----|------|----|----|----|----|----|----|----------|----|----|----|----|----|----|
| L | M | M | X | V | S | D | L | M | M | X | V | S | D | L | M | M | X | V | S | D |
| 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | | | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | | | | | | 1 | 2 |
| 8 | 9 | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 |
| 15 | 16 | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 | 19 | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 |
| 22 | 23 | 24 | 25 | 26 | 27 | 28 | 20 | 21 | 22 | 23 | 24 | 25 | 26 | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 |
| 29 | 30 | | | | | | 27 | 28 | 29 | 30 | 31 | | | 24 | 25 | 26 | 27 | 28 | 29 | 30 |

| Santiago | | | | | | | Agosto | | | | | | | Setembro | | | | | | |
|----------|----|----|----|----|----|----|--------|----|----|----|----|----|----|----------|----|----|----|----|----|----|
| L | M | M | X | V | S | D | L | M | M | X | V | S | D | L | M | M | X | V | S | D |
| 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | | | | 1 | 2 | 3 | 4 | | | | | | | 1 |
| 8 | 9 | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 |
| 15 | 16 | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 | 9 | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 |
| 22 | 23 | 24 | 25 | 26 | 27 | 28 | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 | 24 | 25 | 16 | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 |
| 29 | 30 | 31 | | | | | 26 | 27 | 28 | 29 | 30 | 31 | | 23/30 | 24 | 25 | 26 | 27 | 28 | 29 |

| Outubro | | | | | | | Novembro | | | | | | | Decembro | | | | | | |
|---------|----|----|----|----|----|----|----------|----|----|----|----|----|----|----------|-------|----|----|----|----|----|
| L | M | M | X | V | S | D | L | M | M | X | V | S | D | L | M | M | X | V | S | D |
| | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | | | | | 1 | 2 | 3 | | | | | | | 1 |
| 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 | 13 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 |
| 14 | 15 | 16 | 17 | 18 | 19 | 20 | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 9 | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 |
| 21 | 22 | 23 | 24 | 25 | 26 | 27 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 | 24 | 16 | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 |
| 28 | 29 | 30 | 31 | | | | 25 | 26 | 27 | 28 | 29 | 30 | | 23/30 | 24/31 | 25 | 26 | 27 | 28 | 29 |

Subvencionado pola

■ Festa Nacional ■ Festa Autonómica



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

syngenta